



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DIA 14 DE MARZO DE 2016.

ASISTENTES:

Alcalde-presideante

D. XOSE CARLOS VALCARCEL DOVAL (PSdeG-PSOE)

Concelleiros/as

D. VICTORIA MORENZA DOFORNO (PSdeG-PSOE)

D. MARGARITA PEREZ FERNANDEZ (PSdeG-PSOE)

D. JOSE RAFAEL SIERRA CARRIL (PSdeG-PSOE)

D. ADRIAN VARELAS VAZQUEZ (PSdeG-PSOE)

D. XOSE MANOEL FIRVIDA PRAZA (BNG)

D. ANXELA GONZÁLEZ CID (BNG)

D. SERAFIN NÚÑEZ PEREZ (BNG)

D. M^a CONSUEL VISPO SEARA (P P)

D. MANUEL GONZÁLEZ VÁZQUEZ (P P)

D. JUAN CARLOS VILLANUEVA FERNÁNDEZ (P P)

D. NIEVES CARRIL GÓMEZ (PP)

D. MANUEL ANGEL FERNÁNDEZ QUINTAS (PP)

D. MIRIAM PRIETO VALDES (PP)

D. SERAFINA VARELAS VIEIRA (D. O.)

D. JULIA JACOME PÉREZ (D.O.)

D. RAMÓN PADRÓN CALVIÑO (GRUPO MIXTO)

Secretaria Accidental

D^a M^a Esther Castro Vázquez

Interventora de fondos

D^a. Eva García Fernández

No salón de plenos da Casa do Concello de Barbadás, sendo as 19:30 horas do día 14 de MARZO de 2016 reunese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o Concello Pleno, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, coa asistencia dos Sres.-/as. concelleiros/as. Relacionados na marxe, actuando como secretario, Silvia Alonso Fernández.

Comprobado que asiste quórum suficiente para a válida realización da sesión, o Sr. Presidente declara aberto o acto e, seguidamente procedese á análise dos puntos da orde do día.



O sr. Alcalde toma a palabra: Boas tardes a todos e a todas, benvidos ó público asistente, moitas grazas por estar aquí presentes. O primeiro punto da orde do día é a Declaración institucional polo día internacional da muller. Ten a palabra a Concelleira Ánxela González.

- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL POLO DÍA INTERNACIONAL DA MULLER.

A sra. González toma a palabra (BNG): Van xa 159 anos desde que aquel 8 de marzo de 1857 un grupo de obreiras textís saíse á rúa en Nova Iork para defender as súas reivindicacións laborais. Hoxe en día esta data reivindica e simboliza a loita incansábel das mulleres do mundo na defensa dos seus dereitos e a defensa da igualdade. Desde o goberno municipal queremos conmemorar ao longo do mes de marzo o Día Internacional da Muller con carácter reivindicativo e festivo pero dando os pasos necesarios para que a igualdade nominal camiñe cara unha igualdade real. Un reto complicado dada a realidade actual que continúa evidenciando que a crise agravou a situación de desigualdade e precariedade das mulleres e sobre todo das mulleres mozas que para incorporarse ao mundo laboral teñen que aceptar traballar case de balde, con contratos en prácticas e temporais e con moitas dificultades para lograr a ansiada independencia económica que permite a independencia emocional e a construción da súa vida adulta. A fenda salarial, o emprego temporal e parcial, as desigualdades no reparto de responsabilidades, o traballo non remunerado, a sobrecarga derivada da redución do apoio ás necesidades de coidados segue sendo unha realidade por combater diante da que as institucións teñen que interpoñer medidas. Integrar a dimensión de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres en todas as áreas de goberno e desenvolvendo políticas de integración que eliminen o teito de vidro ao que as mulleres se enfrontan a cotío; facer visibles os micro machismos aos que esta sociedade nos somete e erradicalos, colaborar desde o goberno coas organizacións feministas que seguen a facer un traballo imprescindible para avanzar nos dereitos da Muller; expandir as nosas reivindicacións a todos os colectivos minorizados; loitar en definitiva pola igualdade real entre homes e mulleres nunha sociedade na que ninguén quede fóra ou quede atrás. Somos conscientes de que os retos que nos marcamos precisan da colaboración de toda a sociedade, doutras institucións e da complicidade de homes e mulleres por iso daremos os pasos oportunos para instar ao goberno da Xunta a elaborar un Plan galego de emprego feminino que poña especial atención nas mulleres mozas e maiores de 45 anos e nas actuacións que faciliten a conciliación da vida familiar e laboral así como na revisión e recuperación da dignidade da muller a través do recoñecemento de dereitos que se nos foron arrebatados nos últimos tempos. Conseguir unha sociedade xusta, libre e solidaria pasa por



erradicar o patriarcado e facer do Día Internacional da Muller todos os días do ano.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Unha declaración institucional non dá lugar a debate pero si pode ser sometida a votación, polo tanto, votos a favor, unanimidade. Moitas grazas

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo: “

Declaración institucional polo día internacional da muller”

PARTE RESOLUTIVA

1- APROBACIÓN DO PREZO PÚBLICO DOS TALLERES DE MEMORIA

O sr. Alcalde toma a palabra: O segundo punto da orde, o primeiro punto da orde do día na parte resolutiva é a aprobación do prezo público dos talleres de memoria, ten a palabra o concelleiro o señor Serafín Núñez.

O sr. Núñez toma a palabra (BNG): Xa comentei na Comisión Informativa da semana pasada que efectivamente estamos incrementado tamén os talleres de memoria nas distintas parroquias do Concello, este ano estamos en Piñor, Finca Fierro, A Valenzá e Loiro. Temos un acordo coa asociación Afaor e ca Fundación Dorzán para efectivizar estes talleres no noso rural e chegar efectivamente pois con estas melloras tamén á xente da terceira idade e que efectivamente pois precisan dunha maneira importante, entón entendemos que pois efectivamente consideramos oportuno regular esta cuestión e do prezo público deste taller de memoria e xa vedes aí xa na información que se vos deu onde se explica os custos indirectos dos distintos talleres onde se fala, faise unha previsión en función do custo de enerxía eléctrica que tivo lugar no 2015 nos distintos locais onde se imparte o taller facendo unha serie de divisións sobre entres 360 para saber o prezo por día do consumo eléctrico en función das horas dos distintos talleres, son 30 xestións por unha hora e media, vedes aí as distintas está perfectamente explicado e sae ese consumo eléctrico que é un pouco o imputado do Concello en relación con estes talleres de 295,20 € nos catro obradoiros que sumado ós 3.600 € que é o que a partida orzamentaria que era o que estaba reservado nos orzamentos para facer fronte ós distintos talleres, se vos explica aí que efectivamente pois os custos son 1.300 € por taller dos que 400 € os aporta a Fundación Dorzán e 900 o Concello, pois entón son 3895,20 e dado que cada usuario pois ten estipulados son 50 persoas as que están participando, 40 € por participante son 2000 € polo tanto o ingreso que se prevé non cobre o custe das actividades polo pois tanto se trae este informe de prezo



público dos talleres para a aprobación en Pleno se o estiman oportuno.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o señor Ramón Padrón. A voceira de Democracia Ourensana ten a palabra.

A sra. Varelas toma a palabra (Democracia Ourensana): Boas tardes a todos antes de nada. Non teño nada que dicir neste punto, pero estou bastante de acordo co que explicou o compañeiro. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten a palabra o voceiro ou voceira do Partido Popular.

A sra. Vispo toma a palabra (PP): Boas tardes a todos e a todas. Agrádanos ver que seguimos apoiando ós nosos maiores cos talleres de memoria, xa estaban impartidos polo grupo Popular é un copia-pega, como todos poden ver do anterior, facíámolo tamén coa mesma asociación e todo igual, entón agrádanos e por suposto que o vamos a apoiar como sería menos. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Dado que non hai ningunha quenda de palabra máis, sométese a votación este punto da orde do día. Votos a favor. Unanimidade.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:

“Aprobación do prezo público dos talleres de memoria”

2- PROPOSTA DE ALCALDÍA SOBRE A SITUACIÓN E EVOLUCIÓN DO ERE DA EMPRESA PÚBLICA TRAGSA.

O sr. Alcalde toma a palabra: O terceiro punto da orde do día é a Proposta de Alcaldía sobre a situación e evolución do ERE da empresa pública TRAGSA. Ben, para situarnos correctamente o que primeiro que se debe ter presente é que o grupo TRAGSA é un grupo empresarial participado ó 100% polo Estado, e o Estado é o único accionista e o único propietario. Este grupo de empresas iniciou no ano 2013 a tramitación dun ERE extintivo, a causa que se argumentou por parte da empresa era a súa delicada situación económica, é certo que ese ano o grupo tivo perdas, pero tamén non é menos certo que era a primeira vez que xurdían ditas perdas en toda a historia empresarial do grupo. O citado ERE foi anulado pola Audiencia Nacional despois do recurso presentado pola parte traballadora obrigando á empresa a readmitir a todos os traballadores e traballadoras da empresa. Unha sentenza do Tribunal Supremo invalidando a da Audiencia permitiu que empresa iniciara o expediente de regulación de emprego, ata o momento foron despedidos na provincia 40 persoas na nosa provincia o que representa preto do 55% do total da plantilla, afectando a 5 traballadores e traballadoras de Barbadás ata un total de 12. Hai que destacar que a empresa iniciou no ano 2014 un claro proceso de recuperación financeira que supuxo uns beneficios no ano 2015 de preto 3 millóns de euros, esta recuperación



prodúcese cando aínda non se executara o ERE, esta evolución esta situación evidencia que o único obxectivo do ERE non era outro que o de eliminar traballo estable por traballo eventual e en precario, que provoca que haxa traballo realizado por TRAGSA que non poderán ser rematados nos prazos estipulados por falta de traballadores e traballadoras. A moción consta de 3 folios está moi explicitada, moi clara, é máis extensa que este texto, pero esiximos, reclamamos o apoio deste Concello, de todos estes grupos políticos para o seguinte acordo:

- Esixir ó Goberno de España a paralización inmediata do ERE que se está levando a cabo no Grupo Tragsa, readmitindo ós traballadores e traballadoras afectados e afectadas.
- Solicitar da Xunta de Galicia a súa participación activa para que a empresa cumpra cos traballos e contratos encomendados e que afectan a servizos esenciais. Hai que sinalar que hai traballos iniciados por TRAGSA que debido precisamente á redución de traballadores e traballadoras non están cumprindo cos prazos establecidos e así está ocorrendo por exemplo na Comunidade Autónoma de Asturias e que nos pode afectar aquí en Galiza tamén, e reclamar que a patronal constitúa unha mesa negociadora coa representación dos traballadores e traballadoras para analizar a situación económica da empresa e as alternativas para a súa viabilidade.

Ten a palabra o señor Ramón Padrón.

O sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Boas tardes a todas e a todos e estamos de acordo coa moción.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a voceira de Democracia Ourensana.

A sra. Varelas toma a palabra: Eu estou de acordo, a miña compañeira e eu estamos de acordo coa moción, porque hai que defender ós traballadores o que non se pode é que eu teño unha empresa e algúns anos perdín, pero non por iso botei á xente do meu traballo ou págolle peor. Hai que loitar e intentar que non boten a ninguén e se contratan persoas que contraten con traballos xustos e dignos, o que si fágovos a pregunta é isto valerá para algo, porque realmente esta moción o mellor é apoialos, ó mellor é que non vai valer para nada, porque non sei se nós non temos competencia a instar ou obrigar ó goberno a facer absolutamente nada, o que si estamos completamente de acordo en apoiar ós traballadores sempre, pero oxalá esta moción non sexa un papel, nada máis, que sexa unha realidade. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o voceiro ou voceira do Partido Popular.

O sr. Fernández toma a palabra (PP): Boa tarde a todos e a todas, en especial ós traballadores que hoxe nos acompañan penso que hai algún traballador de TRAGSA, entón pois darlle as grazas por



asistir e benvidos. Vamos a ver como non podería ser doutro xeito dende o grupo do Partido Popular de Barbadás xa temos manifestado varias veces aquí, que a maior política social que se poida facer dende calquera institución e encamiñada á creación de emprego e a aumentar o número dende logo de empregados en todas as empresas e evitar o seu despedimento, neste caso en concreto e como non podería ser doutro xeito imos votar a favor da proposta, se ben compre sinalar unha serie de aspectos. Vamos a ver, o caso que nos trae hoxe de TRAGSA foi o inicio dun expediente de regulación a finais do ano 2013, motivado polas perdas económicas, que por certo non aparecen dun día para outro, senón que veñen motivadas por herdanza dunha crise económica sen precedentes que nos deixou concretamente o goberno socialista. Os ERES pódense aplicar de tres tipos, pode ser un ERE de suspensión, un ERE de redución de xornada, ou como é o caso este ERE de extinción, non vamos a entrar en se foi axustado ou non a dereito porque iso xa o determinou no seu momento o Tribunal Supremo, entón vamos a ver, a situación económica dende logo como ben se sinala na proposta de alcaldía está recoñecido foi máis rápida a mellora económica polas políticas que se están aplicando no noso país que o proceso xudicial, entón a día de hoxe a empresa economicamente vai moito mellor entón nós dende logo vamos a apoiar que readmita eses traballadores que foron despedidos, en concreto co acordo que se presenta aquí, o número 1 penso que a finais de xaneiro principios de febreiro deste ano a empresa xa paralizou o ERE, só falta agora é readmitir ós traballadores despedidos. Se a Secretaría o ve probable a min gustaríame xa que hai representantes aquí hoxe da empresa TRAGSA a miña segunda quenda de palabra cederílla se así o cren oportuno para que eles poidan intervir. Moitas grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas Manuel. En resposta ó que preguntaba a compañeira de Democracia Ourensana, valerá para algo?, pois por suposto que valerá para algo porque os traballadores e traballadoras de TRAGSA son os que, claro pero facía unha pregunta e respóndolle, a miña opinión evidentemente, creo transmito co elo tamén a opinión dos traballadores e traballadoras de TRAGSA. Eles están levando a cabo unha loita dende xa hai tempo nos medios de comunicación e nas redes sociais para manter viva esta demanda esta reivindicación que iniciouse xa no ano 2013 e que inicialmente tivo éxito, entón a achega que poida facer o Concello de Barbadás para manter vivo esa situación creo que é benvida, trátase de que o Goberno central e a Xunta de Galicia asuman a súa responsabilidade ou a súa capacidade de presión sobre o que é a parte empresarial para que este ERE desapareza definitivamente e que finalmente sexan readmitidos estes traballadores e traballadoras. Quero transmitirille ós traballadores e traballadoras o noso agradecemento por querer manter viva esta



loita que xa ven de tempo atrás, aquí hai que dicir unha cousa ben clara por moito que diga Manuel, e non me gustaría entrar nunha polémica cando estamos nunha situación de acordo practicamente total en relación ó que é a moción. Durante un tempo despois de haberse despedido ós traballadores de TRAGSA, TRAGSA converteuse nunha axencia de colocación de altos cargo con soldos altos elevados, sumamente altos, que realmente non presentaban, non reflectían a situación da empresa, creo que iso é algo que hai que evidenciar tamén aquí haio que deixar claro que non é unha secuela da crise económica exclusivamente senón que a finalidade entre outras era substituír traballo estable e fixo por un traballo precario e mal remunerado.

O sr. Padrón toma a palabra: Ben, eu quero dicir que efectivamente estas mocións o Concello non ten competencias para solucionar os problemas desta empresa pero como dicía o señor Alcalde é unha maneira de manter vivo e de darlle publicidade a estas cuestións. Eu cedo aquí agora a miña palabra se alguén, se algún dos traballadores quere falar.

O sr. Alcalde toma a palabra: Coméntame a Secretaria accidental que a intervención debe ser ó final do Pleno, ó rematar ó Pleno. Rematou señor Padrón, dona Fina

A sra. Varelas toma a palabra: Nada eu volvo a dicir o que dixen antes, que eu fixen a pregunta se valía para algo porque encantárame que valera para algo non é o contrario, eu son unha persoa que teño empregados e quero que vivan ben que teñan os seus soldos dignos e como fago coa xente que traballa comigo gustárame que outras empresas tamén o fixeran, e ás veces hai crises, pero aquí non imos falar da crise, non é culpa dun goberno ou doutro porque foi unha crise mundial, que non é de PP, nin de PSOE, non é hora de estar botando cousas en cara nin foi dun lado, foi doutro senón mirar para adiante, e se os podemos axudar ca nosa moción vaia diante se pode facer algo por esta xente eu son a primeira que levanta a man. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Señor Manuel. Votos a favor polo tanto da moción. Unanimidade. Ó final do Pleno toman vostedes a palabra.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:

“Proposta de Alcaldía sobre a situación e evolución do ERE da empresa pública TRAGSA: Esixir ó Goberno de España a paralización inmediata do ERE que se está levando a cabo no Grupo TRAGSA, readmitindo ós traballadores e traballadoras afectados e afectadas.

Solicitar da Xunta de Galicia a súa participación activa para que a empresa cumpra cos traballos e contratos encomendados e que afectan a servizos esenciais. Hai que sinalar que hai traballos iniciados por TRAGSA que debido precisamente á redución de traballadores e



traballadoras non están cumprindo cos prazos establecidos e así está ocorrendo por exemplo na Comunidade Autónoma de Asturias e que nos pode afectar aquí en Galiza tamén, e reclamar que a patronal constitúa unha mesa negociadora coa representación dos traballadores e traballadoras para analizar a situación económica da empresa e as alternativas para a súa viabilidade. “

3- APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA FISCAL MUNICIPAL DE INSTALACIÓN DE TERRAZAS E VELADORES.

O sr. Alcalde toma a palabra: O seguinte punto da orde do día é a aprobación inicial da ordenanza fiscal municipal de instalación de terrazas e veladores. Ten a palabra a Concelleira Victoria Morenza.

A sra. Morenza toma a palabra (PSdeG-PSOE): Moitas grazas, boas tardes a todas e a todos. Pois ben esta nova ordenanza de terrazas e veladores pretende aglutinar todos os interese implicados os dos hostaleiros e hostaleiras, os da veciñanza, os das persoas con mobilidade reducida, os das persoas que circulas con carriños de nenos, ou con carros da compra. Preténdese tamén facer das beirarrúas un lugar agradable polo que circular un espazo harmónico dende o punto de vista estético, e tamén de comodidade do tránsito, en suma tratouse de conciliar varios intereses, os sociais, os económicos, os veciñais, etc. Non podemos esquecer tampouco que as terrazas ocupan un espazo público e polo tanto impórtanos os intereses dos propietarios e propietarias dos establecementos hostaleiros, e dos seus clientes pero tamén prima a convivencia cidadá, e tamén a comodidade das persoas que camiñan por estes espazos públicos. Esta ordenanza recolle cambios substanciais que tratarei de explicarme dun xeito moi resumido. Auméntase a 1,60 cm o itinerario peonil permanente de anchura, antes era de 1,50, incrementase a distancia dende o bordo da beirarrúa á instalación pasando de 30 a 50 cm para facilitar a entrada e saída dos pasaxeiros dos vehículos estacionados. Introdúcese un epígrafe para definir unha distancia mínima dun metro ó redor dos elementos do mobiliario urbano para facilitar e permitir o seu mantemento. Modifícase a redacción do artigo 6 no que se fala de ocupación, este cambio é fundamental porque se na anterior ordenanza se indicaba literalmente, se por circunstancias excepcionais debidamente documentadas non fose posible ou conveniente ou localización da terraza ou velador xunto a fachada do establecemento poderase utilizar a situación, outra situación diferente, a nova redacción é restritiva e di que só exclusivamente por circunstancias excepcionais se poderá autorizar a instalación da terraza pegada a fachada, a norma xeral é que teña que ir separada á fachada, no se que se refire ás proteccións laterais introdúcese a novidade de que só se poderán ocupar dúas



caras, créase unha nova posibilidade para ocupación de solo público, que son os toldos móbiles e suprímese o apartado relativo ás cubricións fixas para que a tendencia e a norma sexa a instalación de toldos móbiles que se caracterizan pola fácil recollida e instalación, e non implican unha ocupación permanente de espazos públicos. Outra das novidades do aspectos dos elementos de sombra na nova normativa, que está en proceso de implantación fixa a lona como material a utilizar, fíxase tamén a posibilidade de que os toldos teñan cortaventos só nas dúas caras laterais, recóllese ademais as prohibicións expresas de instalar carpas, textualmente sinálase de que non se permite a instalación de carpas nin estruturas similares de cubrición ancoradas ó chan ou apoiadas no mesmo, tampouco se permite a instalación de soportes ancorados que amplíen o lugar destinado á terraza, o obxectivo deste epígrafe é fundamentalmente determinar que o novo esquema que se pretende instalar converta en A Valenzá nun lugar máis moderno, máis habitable, máis transitable, sobre todo dende o punto de vista estético e de accesibilidade. Outras das novidades é que se engade no articulado a obriga de deixar asegurada a accesibilidade permanente a locais, portais, etc, dun 1 metro de anchura como mínimo que será dun metro e medio naqueles casos en que sexa necesario realizar un xiro ou cambio de dirección para acceder ós mesmos, a achega feita dende a confederación galega de minusválidos COGAMI, deste xeito a entrada á vivendas, vados ou pasos de vehículos debe ter a ambos os dous lados un mínimo de 50cm ou de 75 cm nos casos de que sexa necesario realizar un xiro, este aspecto é moi importante para nós porque favorece a accesibilidade ós portais que era un dos puntos controvertidos e do que se queixaban os veciños. Outra novidade é que se introduce unha serie de precisións en varios apartados do artigo 8 e que se refiren ó feito de que non se poderá obstaculizar o acceso á calzada dende os portais dos edificios, locais, e vivendas, nin dificultar os accesos de entradas e saídas de pasos permanentes. En zonas de carga e descarga, esta é outra das novidades, permítese a colocación de veladores próximos ó bordo da beirarrúas unicamente no horario en que non estea autorizada a carga e descarga, sempre para facilitar o acceso e a accesibilidade de peóns. No artigo referente ás tarimas, o artigo 9, engádese unha serie de especificacións as proteccións laterais serán móbiles, transparentes, e sempre axeitadas as condicións estéticas da contorna e recóllese tamén a obrigatoriedade de que sexan preferentemente de madeira tratada e que disporán dun peche lateral ou varanda, así como que os biombos e elementos de seguridade das tarimas estarán en consonancia coa tarima e a imaxe global da terraza. No apartado licenza municipal, faise unha enumeración das esixencias que levará a aplicación da nova ordenanza alúdese ós elementos auxiliares, toldos, proteccións laterais, alumeado, maceteiros, é importante destacar que o equilibrio



na instalación neste tipo de elementos que ocupa a vía pública é fundamental un motivo polo que se esixirá unha estética común, ou similar a todos os establecementos no que se refire ó mobiliario prohibindo a instalación de mesas cadeiras e proteccións laterais con publicidade, debendo ser estas últimas transparentes. Respecto dos parasoles ou toldos móbiles esixírase para a súa instalación que teña unha estética coa contorna é dicir evitando as tonalidades estridentes. E non se permitirán cores nin modelos diferentes na mesma terraza.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o señor Ramón Padrón.

O sr. Padrón toma a palabra: Si, vamos a ver coma toda ordenanza necesita a aprobación de todas daquelas persoas que vai afectadas, e pola información que temos houbo varias reunións cos representantes, cos hostaleiras no que acudiu un número bastante grande e en principio o grado de conformidade é bastante alto. Nós non recibimos ningún tipo de queixa ou de achega, polo tanto estamos de acordo en que se trate de conxugar o máis posible os dereitos dos viandantes cos dereitos dos hostaleiros temos facer un equilibrio porque os bares e restaurantes necesitan espazo para levar a cabo as actividades e dá unha imaxe de movemento para o comercio e para todo, entón tamén este tipo de ordenanzas tamén temos que ser flexibles en certas situacións coma é no tema das medidas e estas cousas. De momento non teño máis que dicir.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a voceira de Democracia Ourensana.

A sra. Varelas toma a palabra: Eu ó contrario que o meu compañeiro Ramón, si tiven queixas dalgunhos hostaleiros polo tanto non podo apoiar unha ordenanza cando hai persoas que se queixan, síntoo moito pero é así, primeiro están os veciños. Moitas grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o voceiro ou voceira do Partido Popular.

A sra. Vispo toma a palabra: Primeiro agradecer á señora Victoria que desgranou moi ben a ordenanza, para o que non nos quedaba clara. Fixen unha comparación entre as dúas de verdade que melloras o cal doulle o parabén, pero creo que non somos nós senón os veciños e os hostaleiros quen teñen que darlle o parabén, é dicir, nós ó igual que dona Fina Varelas pois esta hai xente que nos fixo chegar as súas críticas a esta ordenanza, como vostede ben dixo na Comisión Informativa non todo o mundo está de acordo e en trinta e pico bares que pode haber en A Valenzá é normal que haxa unha disparidade de opinións, e entendemos que é moi difícil poñer a todo o mundo de acordo, e no que lle damos a razón en que a reunión na Comisión Informativa pero hai que ir coa gran maioría e gran maioría non está de acordo, entón nós vámonos abster porque ata que imaxino que os hostaleiros farán alegacións, non sei como as asociacións de veciños, que xa ve que creo que van a entrar unhas cantas



alegacións, pois imaxino que cos hostaleiros igual e o Partido Popular vainos apoiar porque o que entendemos é que sempre temos que estar coa maioría para iso votáronnos e entendemos que neste momento parte dos hostaleiros algúns que aínda non nos puxemos en contacto con eles porque son moitos e dende que tivemos a ordenanza, estudámolo, comparámola coa que había anteriormente. Dámoslle os parabéns que baixaran algún euro o que son as taxas pero tamén os veciños teñen que saber que hai bastante máis diñeiro que o que tiña o Partido Popular no seu momento, e que as taxas pois son 2 € e o que si nos terán que explicar que é a única dúbida que temos é no que é a taxa para as pulpeiras e para todos os churreiros, ou sexa, para o que é o establecemento de comida ambulante. Entendemos que si é por metro cadrado hai que valoralo, entón eu creo que facendo non sei así por enriba o que vimos, vaille saír un pouco máis caro que o que había ata agora, temos esa dúbida a verdade, entón entendo que se máis ou menos pois unha pulpeira o que ten por metro cadrado pode ser 5m² comparando máis ou menos como se poñen calculamos pois vaille saír un pouco máis caro dos 10€ mensuais, é a única dúbida que nos quedaba. Despois o que si nós tiñamos en mente era tamén facer o tema todo, vamos a ver, cando nós estabamos gobernando as tarimas pois só había un bar onde había unha tarima que era o, Casa César e despois tamén o Jovi, que eran os dous bares que tiñan tarima e cobrábaselle.

O sr. Alcalde toma a palabra: O Pereiriña e Xuntos

A sra. Vispo toma a palabra: No último momento, a nosa intención era facer a nosa mellora sobre as tarimas, entón hai quedame a dúbida esperemos que sexa así de que realmente a ornamentación e a seguridade das tarimas eu polo que vin na ordenanza o seguro váiselle a pedir soamente polo que di onde están as tarimas colocadas e entendo tamén que teñen que ter os seus seguros ó día e deberíase comprobar en canto a responsabilidade civil que poidan ocasionar, incluso os que teñen veladores, ou os que teñen parasoles ou toldos porque pois ás veces non son visibles todos o armazón así, por dicilo de algunha maneira e teñen que pois que algunha persoa tropece que eses seguros non só soamente se lle teñen que pedir ás persoas que teñan as tarimas, ós hostaleiros senón eu creo que deberían de estar comprobados en todo o que ten un establecemento de cara ó público, esa é a miña dúbida era se ma poden pois o tema todo o que é a comida ambulante, de momento é o que teño que dicir.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, señora Chelo Vispo. Ten a palabra a Concelleira Victoria Morenza.

A sra. Morenza toma a palabra: Moitas grazas. A nós gustaríanos que nos explicaran que significa para vostedes a maioría, se para vostedes a maioría son os 10.700 persoas que hai censadas, que hai



empadroadas, quizá poidamos chegar ás 13.000 ou a maioría son os 30 establecementos hostaleiros dos que estamos falando. Para nós non hai ningunha dúbida, para nós a maioría son 10.700 persoas e sempre tendo en conta a opinión dos hostaleiros, evidentemente tivemos dúas xuntanzas con eles, recóllese practicamente todo menos o tema das carpas polo que xa explicamos anteriormente e tampouco se recolleron ó 100% as súas achegas referente ós horarios, si se introducen modificacións respecto ós horarios dos aparellos de sons que se inclúen no apartado 22j. Tamén se recolleron moitas, moitos aspectos que nos plantexaron os hostaleiros como podía ser que foi un punto de fricción que non se establecía obrigatoriedade de recoller a terraza, foi un punto de acordo que se recolleu e a redución de taxas que isto tamén se falou cos hostaleiros é substancial supón o 20 ou 40% no caso dos veladores se é tempada de verán ou de inverno, 20% e 40%, redución do 47% no caso toldos móbiles, baixada do 40% para as tarimas, ou de aproximadamente do 50% para as pulpeiras porque se estima de que se fará unha valoración “in situ”, que cada pulpeira ocupan uns 7m² e entón pasa a pagar a metade se ata agora pagaba un mes 40€ agora pasará a pagar 20 a raíz dos 0,48€ por m². Dicitlle tamén que entre a documentación que se esixe a todos os propietarios dos establecementos hostaleiros e un seguro de responsabilidade civil, os que teñen veladores, os que teñen tarimas e os que teñen toldos móbiles, o que é que as tarimas é unha, esíxelle máis condicións de seguridade, polas características da estrutura. Aclararlles a todos que a ordenanza foi elaborada tendo en conta a opinión da cidadanía en xeral porque a través das peticións e das súas queixas e do funcionamento cotiá das terrazas e veladores evidenciaba e así nolo fixeron chegar cando estabamos na oposición e agora que estamos no goberno evidenciaba a necesidade de combinar como dixemos e repetiremos sempre todos os intereses implicados os dos 30 establecementos hostaleiros e os dos 10.700 veciños e tamén se tiveron en conta opinións de colectivos que teñen moito que dicir en cuestións de accesibilidade, e de mobilidade como poder ser a Confederación galega de persoas con discapacidade, tamén se introduciu modificacións respecto ás faltas, as faltas graves se multiplicaron por dúas e pasaron de 12 a 24 e aumentáronse as faltas leves vaise establecer un maior control en suma nós queremos que todo funcione mellor que haxa unha harmonía estética como dixemos pero que tamén se cumpran as normas de convivencia cidadá.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, señora Victoria Morenza, cinguiuse exactamente ós tres minutos. Señor Ramón Padrón.

O sr. Padrón toma a palabra: Dicit que nós vamos a defender sempre que se faga o traballo antes de vir ó Pleno ou sexa facer reunións coa xente a que afecten as medidas que o Concello vaia a adoptar



que eu neste caso o tema das terrazas e que coincidimos tamén coa señora Chelo en que non tivemos ningunha queixa en concreto sobre ningún aspecto da ordenanza pero esperaremos ás alegacións para ver se algún afectado presenta algunha alegación para estudala e nese caso apoiala ou non. Nada máis.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a voceira de Democracia Ourensana.

A sra. Varelas toma a palabra: Nada que dicir, grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten a palabra a voceira do Partido Popular.

A sra. Vispo toma a palabra: Non teño nada máis que dicir, soamente esperar a las alegacións e a seguir coas reunións que o Partido Popular vai seguir facendo cos hostaleiros para nós claro que son importantes todos os veciños de Barbadás, pero poñer ós 10.300 ou 10.400 que temos agora mesmo empadroados, ou os 14.000, 13.000 que estamos vivindo agora mesmo é moi complicado entón o que temos que agora mesmo os hostaleiros son os afectados con esta ordenanza loxicamente, Victoria a ver, entendo perfectamente o que queres dicir, somos todos afectados, todos, as nais que teñen carriños, os que están que teñen mobilidade reducida, efectivamente somos todos afectados, nós agora mesmo o que vamos a defender tamén é os hostaleiros, a todas as persoas, todas as medidas que se puxeron nesta ordenanza e a que había anterior do Partido Popular, xa contemplaba e hai que levala a cabo, hai que levala a cabo, ás veces sabemos que os hostaleiros pois fan uso, queren pechar máis tarde, queren tal, hai que facerlles cumprir eses horarios para que haxa boa vida en Barbadás, vamos a dicilo así, e todos poidamos convivir, pero neste momento o que lles afecta é ós hostaleiros nós o que vamos a intentar é seguir tendo esas reunións o que dixemos antes e que eles mesmos fagan as alegacións, o que seguimos é apoiando ás persoas, é dicir, as asociacións o que dixemos antes coa anterior ordenanza estamos por detrás apoiando neste caso vamos a facer o mesmo eles as alegacións que teñan se as queren presentar en conxunto ben, senón o Partido Popular vai a apoialos e a traelas aquí para que todo sexa consensuado, é o único que vamos a facer. grazas

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señora Chelo Vispo. Polo tanto sométese a votación este punto da orde do día que é a aprobación inicial da ordenanza fiscal municipal de instalación de terrazas e veladores, votos a favor, abstencións, votos en contra, non hai.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado cos votos a favor de PSdeG-PSOE e do BNG e as abstencións de PP, Democracia Ourensana e Grupo Mixto o seguinte acordo: **“Aprobación inicial da ordenanza fiscal municipal de instalación de terrazas e veladores”**



4- PROPOSTA DE ALCALDÍA SOBRE A FORMACIÓN DUNHA AGRUPACIÓN DE CONCELLOS PARA O ACCESO A SUBVENCIÓN.

O sr. Alcalde toma a palabra: O cuarto punto da orde do día que é a proposta de alcaldía sobre a formación de unha agrupación de concellos para o acceso a unha subvención, está retirado e pasa o señor Tenente Alcalde a explicar a razón.

Por parte da Alcaldía procédese á retirada deste punto.

O sr. Fírvida toma a palabra: Retiramos esta proposta de Alcaldía porque no afán por facer ben as cousas queríamos traer a este Pleno porque o período para solicitar esta subvención que era para o fomento do cooperativismo e das empresas de economía social tiñan un prazo de solicitude dun mes, entón era imprescindible traelo a este Pleno o que aconteceu esta semana é que cando nos pomos en contacto para presentar a memoria para a solicitude desta subvención o resto dos concellos que van a participar empezaron a mostrar as súas suspicacias en canto ós aproveitamentos que puideran ter para eles achegar a esta subvención, mailo cando nós tiñamos dúbidas sobre cal era a achega municipal que tiña que facer cada un dos concellos. O venres da semana pasada saíu publicado o resultado das subvencións polo mesmo motivo concedidas do ano anterior, e resulta que era unha porcentaxe moi pequena das cantidades investidas e das actividades de promoción de emprego desenvoltas entón entre os catro concellos decidimos non solicitar esta subvención porque eles non estaban dispostos a facer a achega municipal que lles correspondía a nós gustaríanos que isto puidese tido bo fin, pero así son as cousas, e non podemos crear esta agrupación de catro concellos que era o requisito imprescindible para solicitar a subvención.

A sra. Vispo toma a palabra: Non hai posibilidade, vamos a ver, fixo vostede algunha xestión con outros concellos, non hai outras posibilidades, porque vostede na Comisión o outro día adiantouse a que Ourense, ou sexa, abriulle a porta e vostede dixo que xa tiña todo máis ou menos organizado, entón fixo algunha xestión

O sr. Fírvida toma a palabra: Si, inmediatamente, no mesmo momento que me din conta que non era posible facelo con estes 3 concellos chamei a Ourense, tiveron contacto co concelleiro de desenvolvemento económico de Ourense, Jorge Pumar, e comentoume que eles xa tiñan constituída esa agrupación con concellos da súa contorna e o compromiso de levalo adiante entre eles. Era unha toma de contacto inicial para a ver as condicións en que vamos a desenvolver esta subvención, pero vamos, que non.



5- MOCIÓN DE DEMOCRACIA OURENSANA RELATIVA ÁS SINALIZACIÓNS DOS ANIMAI DOMÉSTICOS.

O sr. Alcalde toma a palabra: Pasamos ó seguinte punto da orde do día que é moción de Democracia Ourensana relativa ás sinalizacións dos animais domésticos. Ten a palabra a súa voceira

A sra. Varela toma a palabra: Despois xa dos incidentes acaecidos nesta última semana das numerosas chamadas de veciños realizando as súas queixas de despois xa do visto en periódicos locais, parécenos sumamente grave a colocación de sinais prohibindo cans nalgunhas rúas de A Valenzá. É certo que o señor Alcalde saíu falando na prensa dicindo que había que interpretala, pouco menos, porque o sinal co can así de prohibido segundo o Alcalde iso quería dicir que os cans non podían facer as necesidades na rúa, que os sinais teñen que ser claros non facer interpretacións, porque se facemos no coche cando vamos circulando collemos os sinais de tráfico e tamén interpretamos o que nos dá a gana, acabaríamos todos mortos na estrada. Estes paneis foron retirados e posto outros con peor despropósito prohibindo defecar ou miccionar, a ordenanza de animais domésticos e salvaxes en cativeiro aprobada polo Concello de Barbadás non contempla en ningún apartado a prohibición de defecar ou miccionar nas rúas, estiven lendo a ordenanza que en concreto aprobámola hai un par de meses, e en ningún lugar pon que os cans non poidan facer pipí, ou facer as súas necesidades na rúa, o que si pon na ordenanza, é que os propietarios dos animais teñen que recollelo, que senón se recolle é unha infracción leve que pode ir de 100 € ata 500 €, en ningún caso pon que non se pode, porque unha cousa é nun parque e outra é estamos falando na rúa, en beirarrúas, porque claro os cans teñen que andar por algún lado, non vamos a traelos, como dixen o outro día na Comisión Informativa, non vamos a traer os cans polo aire. Eu non sei se algún de vós tedes cans ou non tedes, eu si teño, e eu sei eu levo o meu can de feito anda por Ourense, e cando fai as súas necesidades eu recólloas e non llas deixo alí na rúa a ninguén para que se manche, e penso que A Valenzá eu penso que é un sitio cívico e eu o outro día na Comisión Informativa señora Victoria dixo que había xente que traía os seus cans de Ourense a facer pipí A Valenzá, e que a min iso paréceme ilóxico, eu un día estou por ir alí cunha cámara e gravar á xente a ver se onde veñen, se veñen de Ourense porque sinceramente para vir de Ourense A Valenzá tamén poden ir sacar un can ó monte e que faga as súas necesidades, iso paréceme unha esaxeración absurda o que dixo a señora Victoria. O que si contempla é adoptar as medidas necesarias para impedir que se ensucien espazos públicos e zonas urbanas tendo que recoller que os excremento que os animais depositen na rúa, isto é o que di a



ordenanza, en ningún caso prohibe. Se tipifica como infracción leve a non recollida inmediata dos excrementos evacuados por animais na vía pública, os importes da infracción leve como dixen antes, son dende 100 ata 500, nós propoñemos ó concello de Barbadás: En primeiro lugar a retirada total destes carteis xa que os veciños non teñen que andar facendo interpretacións das ditas placas. Segundo pedimos a colocación de novas placas onde se informe aos veciños da obrigaçión de recoller ditos excrementos, as placas terán que estar en castelán e en galego, e aquí vou facer un inciso xa que o señor Padrón o outro día dixo que a el parecía absurdo poñerllo en castelán, pois a min non me parece absurdo e voulle dicir, mire eu cando vou a Cataluña, son española, vou a Cataluña pónenme as placas en catalán e non me decato absolutamente de nada, entón aquí en A Valenzá non só vivimos galegos, tamén hai xente que é de fóra, hai venezolanos, colombianos, brasileiros, e senón entenden o noso idioma polo menos o galego, que entendan o castelán entón eu penso que non é tan caro poñer a placa en dous idiomas, porque Galicia pertence a España, non vamos querer como os cataláns que parecen os reis do mundo, pois non costa nada poñer nas placas en galego e castelán para que todo o mundo as entenda, esa era a miña finalidade. As placas terán que estar en castelán e en galego así mesmo que conste na placa que son do Concello de Barbadás, eu teño visto placas noutros concellos e cando poñen placas por sempre poñen a que concello pertencen aquí eu a que vin non pon que pertenza ó Concello de Barbadás, así que calquera iluminado pode poñer unha placa e xa está, non sei. Nas placas tense que facer referencia á ordenanza municipal e advertir ós veciños que o incumprimento da ordenanza incorrerá en sancións, pois si, eu estou sumamente de acordo ca xente cumpra a normativa e se hai que sancionar para que se empece a cumprir hai que facelo, porque eu dou exemplo, eu vou co meu can e recollo, pero eu vexo xente en Ourense que non recolle, e a min paréceme, demóreme un pouco máis porque en nas miñas son segundo, o que lle ía dicir, que penso que temos que convivir todos e a ordenanza xa que aprobaron vostedes que Democracia Ourensana, abstívose porque non me gustou absolutamente para nada, que agora non veñan inventando placas e bobadas, e terceiro, pido ó Concello de Barbañas, ó goberno de Barbadás as facturas das placas, porque o outro día pregunteino e na Comisión Informativa e non se me dixo canto custaron as ditas placas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o voceiro do Grupo Mixto

O sr. Padrón toma a palabra: Eu non dixen que fora absurdo, eu non empreguei ese termo, dixen que non compartíamos esa opinión, pero non dixen iso, non poña as palabras que eu non dixen. Con relación á moción, mire coincidimos coa exposición da moción non sentido no erro que supuxo a



colocación dos carteis e a prohibición que se indicaba posteriormente, coincidimos tamén no primeiro acordo en que se retiren ditos carteis pois dan pé a que nos pidan que se coloquen en todas as rúas de A Valenzá ou onde os veciños as reclamen, non coincidimos no segundo punto en que se coloquen novas placas polo dito anteriormente, porque senón estaremos poñendo placas por todas as rúas de A Valenzá, cando xa é algo que todo o mundo sabe o que ten que facer, e ademais de que estean en galego e en castelán, as placas o 100% da veciñanza que vive en Barbadás entende perfectamente o galego entón pois non creo que sexa necesario colocar as placas tamén en castelán aparte que o custe que todo isto suporía, a nosa proposta é que hai que poñer placas que estas sexan colocadas nos parques e xardíns, advertindo da prohibición de entrar animais excepto no estean habilitados para tal fin, o feito de defecar ou miccionar é responsabilidade dos donos dos animais que terán que limpar aquilo que ensucian, nada máis.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a voceira ou voceiro do Partido Popular.

A sra. Vispo toma a palabra: O Grupo Popular está de acordo coa moción de Democracia Ourensana en todos os seus termos, o que si instamos ó goberno non a que poña placas de prohibición, estou de acordo coa señora Fina Varelas que as placas de prohibición se as pon vostede nunha rúa todos os veciños que non teñan cans e que non lle gusten as mascotas van a empezar a pedilas e isto vai ser un guirigai, entón o que nós pedimos é que haxa campañas de sensibilización como facía o Partido Popular anteriormente, sabe que aínda hai carteis postos cun can para que a xente se sensibilice de que ten que recoller todas as cacas dos cans, o que si hai que dicir tamén que as bolsas que están postas o utensilio, o dispensar de bolsas para recoller as cacas están baleiros, aí teño que dicir señor Alcalde, aí teño que dicir, e lle ía dicir que anteriormente tamén nolas roubaba, hai que controlala por iso lle ía a dar un pé, si que as roubaban entón agora mesmo o que hai que controlar e que estean as bolsas para que poidamos recoller todos os que temos cans, caca. Pareceume fatal que esa prohibición nesa rúa, eu normalmente non solo pasear co meu can por aí pero si fun á zona cero, á zona cero habemos ir varios cos cans e o que me encontrei e vixiada pola policía durante eses días, pareceume fatal, e non só a min, senón a máis veciños que paseaban con ese can porque queriamos ver cal era o problema e se viamos xente pois eu pregunteille a cantidade de xente que andaba cos cans por alí e de Ourense non me dixo ninguén co can alí, paréceme moi forte que unha Comisión informativa que se lle bote a culta a xente de Ourense que ven a miccionar, ou que veñen a facer as súas necesidades os animais neses soportais. Temos sitios especiais para que vaian os cans están debidamente indicados e o que non entendo é que se poñan eses sinais de prohibición, iso debe de



desaparecer e cando se poña un sinal, estou de acordo coa señora Fina Varelas, ten que aparecer o escudo de Barbadás, e señor Padrón, aquí vive xente que non fala galego, e que non entende o galego, entón as placas teñen que estar nos dous idiomas, vostede cando vai fóra de aquí, e explicouno perfectamente a señora Fina Varelas, están nos dous idiomas, todos entendemos o galego pero para os que non o entenden, pois ás veces hai que poñelo en castelán. As placas cando apareceron os veciños preguntábanos á oposición e nas redes sociais nos dicían como saían dos seus portais cos cans polo aire non poden saír, entón moita xente dicía é que temos medo que a Policía está aí, e a ver como saímos cos cans ou como entramos cos cans, os cans non se lles pode pór cueiros, os cans teñen que facer as súas necesidades, o que temo que facer é campañas de sensibilización como xa dixen antes, facía o Partido Popular para que realmente todos saibamos que temos que recoller os excrementos para iso hai unha ordenanza que aprobaron vostedes non sei porque poñen os sinais agora, entón o que temos que facer é, o primeiro veciño que vexa que realmente lle moleste que non se recolle unha necesidade dun can automaticamente denunciar á primeira denuncia, a min non me gustan as denuncias, pero é a única maneira ás veces de que sexamos cívicos, entón esa primeira denuncia vai facilitar que o demais que pasou cos accesos dos pasos de peóns en Ourense, á primeira multa hoxe teñen que ir a Ourense e ven que todo o mundo co semáforo en roxo non veñen coche pero ninguén cruza, porque os 200 € doen no peto, entón automaticamente que vai pasar cos cans, non é poñer sinais de prohibición é que no primeiro momento non se sabía se foran os veciños desa zona ou Concello de Barbadás quen puxera esas placas, entón o que queremos é: primeiro cando poñan unha placa que poñan que é o Concello de Barbadás, segundo que primeiro miren as consecuencias que pode ter iso, e despois señor Alcalde cando faga declaracións por Deus, vale. Moitas grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, señora Chelo Vispo. Ten a palabra a señora Victoria Morenza.

A sra. Morenza toma a palabra: Vou falar moi rápido porque teño moitas cousas que dicir, no artigo 11 da ordenanza que entrou en vigor o 4 de xaneiro de 2016 apartado 4: as autoridades municipais limitarán ou prohibirán no seu caso as zonas e horas en que poderán circular ou permanecer os cans e outros animais sobre os parques e outros espazos públicos, artigo 11. A miña compañeira móstrame unha foto na que aparece unha foto de prohibido cans en galego situada e ademais sen ningún indicativo de que é do Concello de Barbadás, hai que ter moi claro que as condutas inapropiadas prexudican, perdoadé que fale tan rápido pero teño que explicar a nosa postura. Hai que ter moi claro que as condutas inapropiadas prexudican ó conxunto da veciñanza, hai xa



moitos anos demasiados os soportais da rúa Cotelma convertéronse nun lugar insalubre non xa pola presenza de excrementos, senón sobre todo, polos efectos das miccións de animais que os donos e donas os levan alí para facer as deposicións, este non é o lugar de espaxamento de animais que xa existe moi preto de alí, o parque de cans. É unha vía pública de tránsito sobre a que non cae a auga da choiva a pesar dos esforzos que fixemos durante os últimos meses por manter limpa a zona non se puido converter o sitio nun lugar limpo, por este motivo e como medida excepcional colocáronse sinais para deixar claro que este era un lugar de tránsito pero non de digámolo dun xeito coloquial de estacionamento, a maioría das persoas din que non entenderon o sinal, moitos dos que levaban as súas mascotas pola zona tamén o entenderon pero non lles gustou pero hai outra parte da poboación que recibiu de bo grado a sinalización, hai persoas que aínda entendendo o significado do sinal e recoñecendo que recollen os excrementos criticou a medida pero sen entrar en polémicas sen saída queremos lembrar que hai anos colocáronse na zona dos patos mesmo no parque da Solaina alí ó lado ou na zona de abaixo da Finca Fierro no entorno da rúa Tangaraño, carteis similares como o que acabo de ensinar, e ninguén entendeu que non se puidera pasar cos animais polo parque dos patos nunca ninguén o entendeu seguen pasando os animais por alí aínda que non a obriga e non permanecer con eles cerca da zona de xogo. Dende o goberno de Barbadás estamos case dende o minuto 1 levando a cabo unha campaña de sensibilización sobre a tenencia responsable de animais por este motivo promoveuse a elaboración dunha ordenanza municipal de animais domésticos que entrou en vigor o 4 de xaneiro, e porque queremos garantir a convivencia e o benestar da veciñanza seguimos dando pasos e enchemos de bolsas os dispensadores que hai en A Valenzá e que dende hai meses estaban baleiros, evidentemente ás veces hai problemas e a xente é verdade que os rouba e tratamos de estar alerta e volvelos reencher, e porque defendemos ós animais e a súa limpeza asumimos o custo e mantemento de moitas colonias de gatos, e porque pensamos que a tenencia responsable de animais incide na calidade de vida das mascotas e no resto da cidadanía e tamén como no caso dos soportais da rúa Cotelma queremos velar pola salubridade pública levamos dende hai meses costeando a castración de gatas e porque pensamos que este asunto é unha cuestión de educación e de convivencia seguimos distribuindo os carteis plastificados que quedaron da campaña do anterior goberno, pero como para nós bañarnos implica mollarnos o corpo enteiro e non queremos que quede ningunha soa parte enxoita, mollámonos e encargamos uns sinais que sabiamos de antemán que ían ser controvertidas pero antes encargamos outros sinais para indicar a sinalización do parque de cans, e antes xa investimos na zona e limpámola e arranxámola, e arranxamos a fonte e colocamos papeleiras



e encargamos 50 sinais máis para seguir adiante coa ambiciosa campaña de sensibilización, 50 sinais máis, esta é unha delas, teñan a exclusiva, sexa responsable recolla os excrementos do teu can en rúas, parques e xardíns sancionaranse as infraccións de acordo coa ordenanza de animais, seguimos facendo campaña para nós non é algo puntual sexa responsable co seu can, léveo sempre atado, recolla excremento, non entre en parques e xardíns, o instrumento destas normas será motivo de ata 50€ de sanción, Excelentísimo Concello de Barbadás. As persoas que teñen animais temos que saber e sabémolo que dende o 4 de xaneiro temos a obriga ademais de inscribir a nosa mascota no censo de animais, e seguiremos coa campaña porque cremos nun mundo mellor e porque cremos nas responsabilidade da cidadanía queremos mirar para os lugares como Canarias ou Baleares e queremos imitar

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten a palabra o señor Ramón Padrón.

O sr. Padrón toma a palabra: Simplemente, rapidamente para deixar clara a nosa postura, non queremos que se coloquen sinais por toda A Valenzá desas de prohibido cans, eses sinais que nos ensinou agora a señora Victoria parécenos máis acordes diferentes sitio sobre todo nos parques que é onde hai que colocalas, nos parques onde non se poida entrar con estes animais é onde temos que colocalos, e nada máis, si que leven o distintivo do Concello de Barbadás evidentemente, creo que o levaban, e nada sen entrar en polémicas eu por responderlle á señora Chelo se vostede me trae aquí a alguén que non entenda un cartel en galego que viva aquí en Barbadás pois poñémolo en castelán, non hai ningún problemas, pedimos que se poña en castelán, refirome a un cartel.

A sra. Varelas toma a palabra: Con respecto a que, vostede non sei porque falou no periódico, non sei porque dixo nada se a xente entendeu tan ben as cousas a que tivo que vostede facer declaracións no periódico, supoño que o chamarían porque a xente estaba protestando, entón que non veñan dicindo que se entendeu, primeiro: señora Victoria eses carteis están moi ben pero vostede xa se está equivocando no cartel, levante o cartel por favor, canta é a sanción que pon aí, de 500, non é de 100 a 500 non de 500, ven de 100 a 500 hai que poñer as cousas claras, vale pero é desde ata, pregunteillo eu que mo ensinara, as cousas é desde ata, desde 100 hasta, outro cartel mal feito, fixenlle unha pregunta na o outro día Comisión informativa e fixenlla agora, canto custaron os carteis que vostedes puxeron, está visto que deberon custar moito ou non o queren dicir porque púxenllo por escrito non se me contestou, acábollo de preguntar e non se me contesta, mire señora Victoria a vostede os animais non lle importan un pito porque mire, con todo o meu respecto, non lle estou faltando a vostede ven presumindo das colonias de gatos, que orzamento temos para os animais no Concello de Barbadás,



dígame, canto orzamento, que diñeiro, 2.000 € señora Victoria, iso é importarlle os animais, por favor non me faga rir, entende, fale con propiedade, vostede defende as cousas que teñen que ser cando toca os temas animais aquí parece que os animais non lle importa, pois si que importa porque hai moita xente en A Valenzá pois demóstreo dunha vez porque eu estou defendendo a seres, porque os animais son seres que non poden falar e non van a andar polo aire porque nos parques que pon prohibido porque andan nenos moi ben, pero vostede non pode poñer carteis na calle, que van facer a xente cos seus animais dígame, eu vivo en A Valenzá e non podo sacar o meu can a calle porque ó mellor fai un pouco de pipí, e que vostede contradíse dille que lle importe, empecen a demostrar o Concello de Barbadás, todos empecen a demostrar que lles importan os animais, pero dunha vez, porque nada vale dicir a min impórtame, onde está a demostración, a min chamáronme por teléfono, ó Concello de Barbadás houbo chamadas, eu sei a algún concelleiro que o chamaron xente preocupada entende ou sexa que polémica houbo e grande foi. Mire voulle dicir unha cousa a min a xente chámame pero a vez que máis me chamaron por un problema no Concello de Barbadás foi por este tema en concreto chamadas de teléfono ata xente do País Vasco que ten pisos aquí e que ven aquí de vacacións cos seus animais, mire ata onde chegou e se vostede colle as redes sociais o facebook, vai ver que comentarios hai, e é unha vergonza e gustárame que o Concello de Barbadás non saíra na prensa por semellante bobada, grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Grazas a vostede. Ten a palabra a voceira do Partido Popular

A sra. Vispo toma a palabra: En primeiro lugar creo que isto, creo que vamos a ter que os cinco grupos poñernos un pouco de acordo porque eu creo que isto é unha falta de educación total e absoluta. En primeiro lugar señor Alcalde cando se dirixa a calquera grupo ou sexa vou a defender ó meu grupo neste momento polo menos con educación, nós podemos falar, eu se está dicindo algo Victoria, eu se teño algunha dúbida lle pregunto a miña compañeira do lado como vostede fixo agora, e non me parece mal, pareceríame mal que estivésemos falando entre todos e non escoitáramos á persoa, pero a min por imperativo legal que alguén me mande calar e sen educación non llo consinto nin ó señor Alcalde de Barbadás, porque creo que non estamos nun patio de colexio senón que estamos na Casa do Concello de Barbadás, e defendendo cada grupo político a todos os que nos votaron para demostrar que é este Concello, e quen está agora mesmo gobernando, e é unha falta de educación enorme á xente que está sentada e escoitándonos, e en primeiro lugar defendo ó meu grupo político que está aquí, a próxima vez que me volva a dicir algo por imperativo legal collo esa porta e voume, así de claro, porque eu non veño a faltarlle ó respecto a ninguén aquí. Segundo, o que si Fina



non perdas o tempo, vamos a ver vamos a deixar que o grupo de goberno coloque as placas, que a xente os que temos mascotas que sexan gatos, sexan cans, sexa o que sexa, vamos a ver o Partido Popular antes e xa non é de antes senón que nos xardíns e nos parques non se pode entrar con cans hai sinais que o prohiben, entrar porque estaba na ordenanza xa, pero nas rúas, meu Deus e que dentro de pouco, e eses carteis que aparecen de repente paréceme perfecto, aquí traemos as mocións e aparecen as cousas polo grupo que está gobernando neste momento é que é casualidade todo señora Morenza paréceme perfecto e se eses carteis son os axeitados olé, pero creo que se están equivocando unha vez máis, creo que se están equivocando pero vamos a deixar que isto continúe e que seguiremos continuando cos animais creo que neste momento isto está defendido, vamos a apoiar a moción de Democracia Ourensana xa o dixemos no seu momento, e creo que as prohibicións neste País, é que eu creo que teñen ou sexa non existir, senón que todos temos que concienciarnos do que temos que facer de ser cívicos e de que hai unhas multas, efectivamente pero se é que vamos a ter carteis cada cinco minutos para iso temos que denunciar e díxeno a primeira vez, hai que denunciar, en canto denunciemos todos faremos o que temos que facer ser cívicos que xa o somos algúns máis ca outros. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señora Chelo Vispo. Ten a palabra a señora Morenza, tres minutos por favor.

A sra. Morenza toma a palabra: Evidentemente vostede colocaron sinais de prohibición, os sinais verdes en lugares de tránsito e en lugares en calzadas preto de parques xa llo dixen na rúa Tangaraño na Finca Fierro, a veciñanza ten que asumir e aplicar condutas responsables ten que levar os cans atados tal e como dí a ordenanza con bozal no caso de razas perigosas, recoller os excrementos e procurar manter limpas as zonas verdes as vías públicas e as beirarrúas dio a ordenanza, e porque cremos na responsabilidade da cidadanía e porque cremos nun mundo mellor como dicía antes, como intentei dicir antes, queremos mirar para lugar como Canarias ou Baleares, por poñer algún exemplo e e queremos imitar condutas como as de recoller os excrementos e limpar as miccións. Se os cidadáns e cidadás destes lugares saen coas bolsas e un pulverizados ou unha botella de auga e manteñen o seu entorno limpo, nós tamén podémolo facelo en Barbadás. O espazo público lembramos é de todos e de todas, a tenencia responsable de animais incide na calidade de vida non pode haber deixamento de funcións por parte dos propietarios e propietarias estamos obrigados e sabémolo, a recoller e limpar as zonas afectadas por excrementos e miccións, dio a ordenanza tamén que non se pode ensuciar as zonas públicas todos os veciños e veciñas temos dereito a disfrutar en igualdade e iso é o que reclama



unha parte da cidadanía en igualdade de condicións dun paseo polas rúas e espazos públicos me parece que eu non estou falando de ciencia ficción estou falando da realidade. Acerca do custo aínda non nos enviaron a factura non llo podo dicir, pode roldar os 500 € non o sabemos exactamente porque estamos pendente de que nos envíen a factura. Evidentemente o orzamento destinado a animais no presuposto de 2016, 2.000 € que é o diñeiro que está destinado para o tratamento de animais por parte de Protección Civil, e á marxe diso por unha cuestión de salubridade pública xa dotamos como lle dixen non sei se o dixen porque falei moi rápido, ou non me entendeu ou non me expliquei moi ben, que se está facendo castración de gatas que teñen un custe, xa levamos gastado creo que entorno ós 1.000€, estáselle comprando os pensos para as colonias de gatos, iso son medidas reais, iso é diñeiro que ó mellor xa estamos roldando ó momento de agora, 3.000, 4.000 €, estamos apostando polos animais e esta que lles fala evidentemente é unha amante dos animais iso está máis que probado, podería dar moitas mostras pero aquí é para falar de nós, e para falar de manter unha vila limpa e que todo o mundo se conciencie e que temos que aplicar o articulado da ordenanza temos que pensar ós noso animais que xa faremos a campaña, tamén forma parte da campaña de información que estamos levando a cabo, dar a coñecer á cidadanía que ten a obriga de pensar ó seu animal pois polo ben precisamente do animal, protectores dos animais precisamente este goberno temos demostrado todos nós que o somos. Moitas grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señora Victoria Morenza. Dito todo isto quérolle responder á señora Chelo Vispo, dende o momento que nos interrompemos mutuamente e interrompemos a palabra ó voceiro ou voceira que está facendo uso dela nun momento determinado, estámonos convertendo nun patio de colexio, se vostede se sentiu ofendida pola miña interrupción, eu pido que analicen tamén a interrupción á que someten, falo en global, quérolle responder a vostede porque foi quen fixo este pronunciamento, debemos valorar como se sente a persoa que está intervindo, polo tanto o patio de colexio facémolo entre todos dende o momento, non vai haber lugar a alusións señora Chelo Vispo, non hai esas alusións, o patio de colexio convertémolo entre todos dende o momento que nos interrompemos mutuamente, polo tanto eu pido que haxa un comportamento cívico, entre todos nós, e que non nos interrompamos e escoitemos as intervencións dos demais. Á señora Fina Varelas dicirlle o seguinte esa persoa coa que vostede falou do País Vasco e que reside no País Vasco e que ven de vez en cando de vacacións aquí A Valenzá falou tamén comigo e non unha vez, varias veces, algunha delas dende as 11 da noite ata a 1 da madrugada e pódello preguntar, esa señora foi a que me dixo, non lle poñemos nome pero témola situada vostede e máis eu, esa señora foi



a que me recoñeceu que viñan dende Ourense persoas a pasear cos seus cans á rúa da Cotelma, se vostede agora o quere negar paréceme moi ben, está no seu dereito pero eu afirmo que esa señora confirmou que veñen, eu dígolle que me transmitiu, señora Fina isto non é un debate, eu estou rematando a intervención, esa señora afirmou iso, e polo tanto aí está, señora Fina Varelas rematou este debate. Votos a favor da súa moción, abstencións, votos en contra por favor. Por favor pido que nos respectemos todos mutuamente entón entenderémonos mellor, gracias.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando rexeitada cos votos a favor do PP e Democracia Ourenzana, os votos en contra PSOE e BNG e abstencións Grupo Mixto, e o voto de calidade en contra do señor Alcalde o seguinte acordo: **“Moción de Democracia Ourenzana relativa á sinalización dos animais domésticos.”**

6- MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR PARA A CONSTRUCIÓN DUN APARCADOIRO PÚBLICO EN A VALENZÁ.

O sr. Alcalde toma a palabra: Pasamos ó seguinte punto da orde do día que é a moción do Partido Popular para a construción dun aparcadoiro público en A Valenzá. Ten a palabra o seu voceiro ou voceira.

O sr. González toma a palabra: Boas tardes señor Alcalde, señores Concelleiros e sobre todos boas tardes ós sufridos veciños que tiveron a ben acompañarnos nestas horas tan desaxeitadas. Tódolos Concelleiros municipais, somos conscientes da realidade do noso Concello. Temos unha poboación dinámica, verdadeira envexa do resto da provincia, xa que logo constitúe un referente na mesma en canto as taxas de crecemento vexetativo e de saldo migratorio positivo. Iso tan interesante, lévanos pola contra a correr o risco de chegar tarde á hora de dotar de novos servizos ó Concello. É por iso que no caso que nos atinxe hoxe, é preciso darlle solución as necesidades actuais, ó tempo que adiantamos as futuras para chegar a tempo de cubrilas. É preciso solucionar ós problemas antes de que xurdan, amosando así a nosa capacidade e a nosa determinación para xestionar Barbadás. Para elo foi para o que nos presentamos todos ás eleccións, ¿non si?. Neste senso e no tocante ó tema de circulación hai que dicir que o Concello medrou tanto que as prazas de aparcamento quedáronse escasas. Temos un comercio que ben merece ser coidado e potenciado. Temos tamén un potencial magnífico de atracción e mesmo de turismo, como sucede por exemplo polo entroido, auténtico referente e foco de atracción de cada vez máis visitantes, ou polo menos como sucedía ata este último ano. Por se fora pouco, a actual construción do Centro de Saúde, cun incremento substancial de



servizos como fisioterapia, odontoloxía e mesmo moitas máis consultas de medicina xeral, etc., fan que sexa moita a poboación que se move en A Valenzá, e moita máis a que se moverá. Por elo imprescindible dotar de prazas de aparcadoiros públicos das que neste intre xa carecemos en boa medida, pero que nun futuro inmediato aínda careceremos máis. O grupo do Partido Popular de Barbadás, na súa liña habitual de colaboración co Goberno Municipal trata de buscar propostas que melloren a calidade de vida da nosa veciñanza, así o temos demostrado a cotío dende que estamos na oposición, nesta liña de acontecementos o dispoñer dun aparcadoiro público municipal en A Valenzá permitiría entre outras moitas as seguintes vantaxes. Primeira contar con prazas preto da Casa da cultura e do seu auditorio, os actos nelas precisa facilitarlle ós veciños dos pobos a acudir en automóbiles e mesmo veciños de Ourense doutros concellos que precisen acudir e queiran vir, segundo sortear a dificultade que supón a escaseza de prazas da rúa do Outeiro e arredores con vados e negocios en abundancia, terceiro permitir comodidade ós posibles compradores dos noso moitos comercios, cuarto, queda moi ben situados para acudir ós negocios de cafetería e restauración, quinto poderíamos dispoñer de 50 prazas mínimo sen contar os sotos nun edificio de baixo máis tres plantas, sexto permitiría acceso moi cómodo e directamente das instalacións do novo centro de saúde con triplo acceso, pola rúa do Outeiro a nivel do baixo saída peonil á altura da praza do novo centro de saúde, e outra saída á altura da terceira planta enlazando o desenvolvemento desa zona no plan de urbanismo, sétimo evitaría molestias ós veciños do novo centro de saúde entre os que se atopa algún dos membros do grupo de goberno como é de todos ben sabido, oitavo, permitiría o cómodo fluxo de visitantes no entroido e festas locais e en todas as actividades de Barbadás, novena aproveita a clasificación do terreo desa zona abaratando os custes de adquisición do solar que é solo dotacional, e décimo adiantámonos ó previsible desenvolvemento desa zona fomentado polo novo centro de saúde, cafeterías, comercios, etc. Por todo isto e antes de que se remate a construción do centro propoñemos o seguinte acordo ó Pleno do Concello: Primeiro: Instar ó Sr. Alcalde a que inicie canto antes as xestións para a expropiación do solar anexo ó futuro Centro de Saúde, para dispoñer del o antes posible, habida conta que os trámites poden ser lentos. Segundo: Instar ó Sr. Alcalde a que faga as xestións necesarias para iniciar a construción dun aparcadoiro público nese solar, tralo correspondente proxecto, como é lóxico, e os informes dos técnicos municipais pertinentes. E por último pero non por elo menos importante, terceiro, crear unha Comisión Municipal con representación de tódolos grupos, de xeito que se garanta o seguimento real da devandita construción, evitando a habitual pasividade á que nos ten acostumados ó Bipartito PSOE-BNG, incapaz de levar a cabo tantas e tantas propostas



como a oposición tenlle presentado para mellorar ó noso Concello. Moitas grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señor Manuel. Ten a palabra o voceiro do Grupo Mixto.

O sr. Padrón toma a palabra: Nós traemos unha moción a continuación que dun xeito ten relación con esta e precisamente para evitar estas cousas que pasaron aquí, agora temos un problema, solucionamos un problema que vamos a ter un centro de saúde, pero creamos outro problema que foi o de a situación onde se vai a construír, onde se está construíndo. Estamos de acordo co primeiro parágrafo en que todos somos conscientes da realidade das cousas pero logo nos seguintes parágrafos queda claro a mala previsión que houbo que levou a unha mala situación do centro de saúde e agora os problemas e custes que nos vai provocar ó Concello buscarlle aparcamentos e accesibilidade para as persoas como xa foi debatido aquí nun Pleno hai uns meses, polo tanto creo que son medidas moi importantes a tomar e como que logo explicarei na nosa moción, que debería contar co maior consenso de todos, e logo trasladarlllo á cidadanía. Vostedes quedaron de entregarnos un plano para explicarnos un pouco esta proposta tan ambiciosa e non nolo entregaron e non temos base, dende o Grupo Mixto non temos base para estudar o tema por iso creo que o primeiro sería antes de iniciar xestións para a expropiación de solares e de cousas así creo que o importante o primeiro sería crear a Comisión que logo nós traemos nunha moción para debater estas cousas enriba da mesa con planos e con opinións de todos para chegar o maior acordo posible que repercutirá nun beneficio para toda a veciñanza. Moitas grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a voceira de Democracia Ourensana.

A sra. Varelas toma a palabra: Dicirvos que estou de acordo con esta moción xa que e ben sabido por todos que A Valenzá ten un problema enorme de tráfico un problema enorme de onde aparcas porque ás veces ás tardes non están os coches en dobre fila, están en triplo fila, o cal é unha loucura e iso visto polos meus ollos, ás veces dáme a gana de coller o móbil e poñerme a gravar e traelo aquí para que vexades o que está acontecendo. Eu teño unha memoria bastante boa, en campaña electoral non Centro transfronteirizo falouse do tema de onde aparcas os coches, oín unha burrada como unha catedral, e a burrada que dixo o señor Alcalde que ó tempo non era señor Alcalde, a ver se agora ma pode cumprir, o señor Alcalde dixo propoñerlle ós construtores alugarlle os soares para aparcas os coches o que oen, señor Alcalde fixo unha proposta innovadora eu rinme, vólvome rir dela, pero oxalá me demostre que me equivoco, empece a negociar cos construtores os solares para aparcas coches porque aquí en A Valenzá vexo tan difícil este tema, para min un dos problemas máis grandes que temos, temos moitos, pero que este é súper grave os coches para cargar e descargar vense negros,



aparcar e un caos, circular e un caos, xa que vostede pois en campaña prometeulle eu oíno e téño gravado, pois empece a negociar cos construtores e se lle teño que dicir parabéns por conseguilo direillo, pero dubido moito. Gracias.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señora Fina Varelas. Ten a palabra a señora Victoria Morenza.

A sra. Morenza toma a palabra: Señor Manuel González non nos queda claro moi ben onde quere vostede situar o aparcadoiro público, supoño que nesta franxa de terreo entre as Burgas, vale, entón é o correcto, claro xa dicía, xa na non nos cadraban, non nos cadraban as nosas contas. Pois ben a nosa proposta tan e como está feita xa que tivemos poucos datos na Comisión informativa da situación física pero deducimos que era esta, a proposta como ben dicía o Partido Popular resulta sumamente interesante comprobamos que existe un interese real por mellorar as condicións que terá o futuro centro de saúde sobre todo tendo en conta que foron membros deste Partido os que decidiron o seu emprazamento, sempre estamos a tempo de mellorar o mellorable, por suposto, confiamos en que esta iniciativa pretende dar solucións a outro dos grandes problemas do futuro centro de saúde o estacionamento. Tecnicamente é viable eliminar a rocha dese lugar, a gran rocha que hai nese lugar, tal e como durante catro meses se leva facendo no centro médico futuro pode facerse, evidentemente é indubidable que se pode facer, pero os técnicos consultados coinciden en sinalar que o investimentos que habería que destinar a este proxecto, é dicir, romper a rocha e facer un muro de contención así como a obra civil que habería que executar posteriormente non compensan o resultado pois segundo os cálculos feitos o número de estacionamentos sería moi reducido. Vostede vemos que vostedes expoñen a varias alturas non sabemos con que, de que espazo dispoñen para situar nesta pequena franxa de terreo 50 aparcamentos, supoño que ó mellor fano cunha variña máxica, con todo e debido a que se trata dunha interesante proposta deixámolo enriba da mesa para o seu estudo cando procedo pero evidentemente agora imos votar en contra. Preguntámonos se vostedes non terán ó presentar este tipo de propostas tanto esta coma o do famoso ascensor a través da Casa de Cultura como ben dicía, non terán vostedes unha mala conciencia pola súa ineficaz xestión para a dotación de servizos públicos non só neste e os inexistentes, facémonos esa pregunta, teñen tan mala conciencia que pretenden poñer contra as cordas ós goberno municipal, que non o poñen evidentemente, presentando este tipo de iniciativas, que penso eu que non se sosteñen, e tamén a opinión miña ben avalada polos técnicos e as técnicas consultadas non só municipais senón tamén externos.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o voceiro do Partido Popular.



O sr. González toma a palabra: A don Ramón dicirlle que din 10 razóns e só unha delas dirixida ó centro de saúde o parking aquí é unha necesidade que non discute ninguén. En canto o plano este é para os técnicos ou tamén vai vostede discutir as cotas como da outra vez, vamos a poñernos a discutir aquí, podemos discutilo non cabe a menor dúbida que os planos os temos e os podemos discutir cando queiran, aínda que non é no Pleno onde se discute desas cousas, aquí é unha discusión política non técnica. En canto a dona Victoria Morenza dicirlle ó mesmo din 10 avantaxes e sempre se quedan coa mesma, teñen aí unha teima unha espina cravada co centro de saúde cando vostedes non foron capaces de ter outro centro, outro solar para facelo, quedou en evidencia e demostrado continuamente, moitas boas intencións, moito prometer na campaña e non tiña nin un só soar, a ver onde está, non teñen nin informe dos técnicos e están gobernando xa levan camiño dun ano e segue sen aparecer meus. A nós danos informes técnicos 50 prazas mínimo, podemos presentar os informes e tal pero ben e verdade que cos cartos que se nos está a pagar por parte do Concello non dá para pagar moitos máis técnico xa trouxemos informes tres veces e a min deume pena ver como informes ben precisados, e ben redactados, e ben recollidos, tanto dona Victoria Morenza como dona Marga empezaban a darlle volta para dereita para esquerda don Rafael e don Adrián non tiveron oportunidade de velo, os señores Concelleiros do Bloque nin os miraron, e entón tamén me parece que é facerlle perder o tempo a amigos nosos ós que temos que molestalos porque nos dispoñemos de cartos deste Concello para facelos, de todos xeitos se vostedes se senten incompetente poden delegar na miña persoa case en calquera dos meus compañeiros para falar cos peritos e cos técnicos municipais para levar a cabo este proxecto non teñan a menor dúbida de que se nós estivéramos gobernando xa o teríamos enriba da mesa coma outras moitas cousas. De todos os xeitos non fagan o do ascensor, non fagan o das cotas, non fagan o da subida ó centro de saúde cando o centro de saúde empece a funcionar xa se atoparán cos problemas dos veciños e con todo o follón que ten como de costume vaino coller o touro. Moitas grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas a vostede. Ten a palabra o señor Ramón Padrón

O sr. Padrón toma a palabra: Simplemente queda escenificado aquí que é necesaria unha comisión para estas cousas onde se dean opinión para chegar a cumprir o obxectivo. Sabedes que cando se acordou o centro de saúde aí onde vai non sabemos como foi o sistema, nin como foi, non estabamos aquí para sabelo, pero eu creo que se houbera unha mesa na que estiveran representados os partidos políticos e máis hoxe aquí que non hai maiorías absolutas seguramente a alguén se lle ocorrería dicir onde vai haber un aparcamento, digo eu, a alguén se lle ocorrería dicir e entón ó poñer iso enriba da



mesa entón debateríase e ó mellor buscaríase outro sitio, vamos en calquera reunión que haxa é o máis lóxico é de sentido común, pero aquí fanse xa digo as cousas empézanse polo tellado, primeiro poñemos o centro de saúde nun sitio, que costa un pastón desfacer unha montaña, facer un muro, agora outro pastón facer un aparcadoiro, e eu creo que esta decisión hai que tomala na mesa sentados consensuado e mirando se é a mellor opción, e senón hai outra e é a mellor opción pois adiante, busquemos, digámoslle á Xunta, conforme a Xunta cos fondos europeos o diñeiro non sei de onde veu, nos fai un centro de saúde pois deberíanos facer un aparcadoiro ó lado, digo eu, tamén puidemos pedir as dúas cousas porque, e nada máis, pero creo que estas son cousas para mirar enriba da mesa e non debatelas, ou sexa non acordalas aquí a bote pronto cando xa digo vostedes quedaron de entregar, a min non me entregastes o documento o xoves que volo pedín, polo menos para estudalo o fin de semana ou contrastalo cun arquitecto ou con alguén para buscar unha, miralo, estudalo, pero agora eu que tempo teño agora aquí para estudalo, eu falo por min. E logo señor Manuel cando queira vamos alí e explícolle un pouco o das cotas e esas cousas, porque vostede non ten porque saber diso pero algo, podémolo contrastar alí eu se lle teño que darlle a razón doulla, mire, non hai ningún problema, vémolos alí sobre o problema e nada máis.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Señora Fina Varelas. Volvo a insistir en que non nos interrompamos, e vai por todos por favor.

A sra. Varelas toma a palabra: Como dixen antes estou de acordo con esta moción, porque polo menos é unha moción que se preocupa, que se está preocupando polos veciños e está expoñendo algo, eu aínda estou esperando que o goberno empece a negociar cos construtores e non é unha broma é que me chamou a atención, voullo a repetir os anos que me quedan. É un problema real entón polo menos teñen a boa vontade de querer facer algo e a ver se os demais empezan a ver a boa vontade do partido que sexa, e que nos apoiemos. Señor Padrón voulle dicir unha cousa, o centro de saúde está nun sitio nefasto eu tamén en campaña o dixen pero mire aquí houbo unha oposición que non eramos nin vostede nin eu, houbo unha oposición que non fixo moito, porque realmente se a xente tan descontenta porque estaba en A Valenzá, e a xente dos pobos estaba descontenta con esa situación porque a oposición non atacou e tombou iso, é miña pregunta porque é moi fácil, é que o fixeron ós do PP e vostedes estiveron aí facendo que, estes anos, non puideron facer reunión de veciños, non puideron protestar, agora temos o que nos merecemos por calar, por tontos. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Grazas señora Fina Varela. Ten a palabra a señora Victoria Morenza.

A sra. Morenza toma a palabra: Parece increíble que un membro do Partido Popular nos veña a dicir



ó goberno do PSOE e do BNG que nós non soubemos propoñer un solar, nós, nós tiñamos que propoñer un solar, nós estabamos gobernando no seu día, non, non estabamos gobernando non eramos quen de propoñer un solar nin quen de propoñelo agora, intentamos buscar unha situación alternativa pedirlle unha moratoria á Xunta de Galicia para presentar unha alternativa pero a Xunta de Galicia díxonos que ou se facía aí ou non se facía ou non nos daban o diñeiro entón nós non iamos deixar ós veciños sen centro de saúde no pericouto onde vostedes decidiron poñelo, e se vostedes falan de que non analizamos os planos, de que non os miramos, que os deixamos de mirar, mire preséntenos a tempo os planos e que non nos veñan que ata o día do Pleno estamos todos dilucidando a ver onde ía o famoso aparcadoiro que propoñía o Partido Popular sexan serios no seu traballo. Eu penso que di vostede que temos un problema de que nos vai coller o touro, non o touro cóllo nos a vostedes na oposición, que con planiño non se goberna dende a oposición, con planiños, e menos presentándoos cinco minutos antes. O que está claro é que a vostedes gústanlle moito a vostedes os proxectos nos que figura furar rochas, iso gústalles moito, primeiro hai que construír un centro de saúde nun pericouto porque o deciden vostedes, porque non teñen outros terreos alternativos ou porque non propoñen modificacións puntuais do plan de urbanismo como se podía facer agora sabémolo, agora estamos no goberno, temos máis datos, sabémolo, vostedes podían haber feito unha modificación puntual do plan de urbanismo e situar un centro de saúde nun lugar chairo de A Valenzá e vostedes saben cal é, pero non lles interesaba, non lles interesou naquel momento facer unha modificación puntual do plan de urbanismo que non custaba tanto pensando no futuro das 10.700 persoas, 10.700 veciños que teñen que subir de agora para adiante a ese pericouto, e como ben lle dicía sexan máis serios e a próxima vez preséntenos proxectos viables que non consistan en gastar 500.000 € que pode custar ó mellor facer ese proxecto de construír un aparcadoiro de 5 plantas nun pericouto.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señora Victoria Morenza. Señora Fina Varelas primeiro, non se ría da proposta que eu fixen, en primeiro lugar por moi gravada que a teña a proposta e realista, non a fago eu, eu escoito, e escoito entre outras persoas a profesionais que se adican a isto como poden ser por exemplo stop accidentes, e non se trata de alugar os solares a construtores trátase de alugar e acondicionar os solares baleiros a aquelas persoas que estean dispostas a cedelas ó Concello ou gratuitamente ou ben a través dunha compensación económica non fale do que son construtores, e para que se faga vostede unha composición de lugar non ten que viaxar moito basta con que se desprace 100 km e vaia ó Barco de Valdeorras, recoméndollo vivamente. Por outra parte agradezo o gran interese do Partido Popular para mellorar a situación do centro de saúde pero vostedes



non fagan de bombeiros dos incendios que provocaron vostedes, vostedes propoñen aquí solucións para solventar as súas desfeitas, reclaman pero non explican por exemplo o financiamento para este tipo de infraestrutura. Moitas grazas. Sométese a votación esta moción. Votación, votos a favor da moción, abstencións, votos en contra, o Alcalde vota en contra.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando rexeitado cos votos a favor do PP e Democracia Ourensana, os votos en contra do PSdeG-PSOE e BNG e as abstencións do Grupo Mixto e co voto de calidade en contra do Alcalde o seguinte acordo: **“Moción do Partido Popular para a construción dun aparcadoiro público en A Valenzá”**

7- MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR PARA A MELLORA NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

O Sr. Alcalde toma a palabra: O seguinte punto da orde do día moción do Partido Popular para a mellora no servizo de axuda no fogar. Ten a palabra o voceiro ou voceira do Partido Popular.

A sra. Vispo toma a palabra: Sigo dicindo que con imperativo legal como fai vostede non nos vai a calar, o Partido Popular ou a ningún dos grupos que están aquí. Vamos a ver, vostede pode intervir e pechalo pero vostede está facendo política despois de que todos falemos vostede pecha e di o que vostede queira, e non podemos, un segundo por favor, pero tamén pódolle dicir, xa llo acaban de dicir. Como me corre o tempo vou ca miña moción, os servizos públicos entre os que se inclúe a axuda a domicilio e os servizos sociais son pilares fundamentais do estado de benestar e teñen como obxectivo satisfacer as necesidades das persoas e non o comercio e beneficio económico polo tanto non poden rexerse por criterios de rendibilidade senón de interese social, os servizos sociais representan a un dos sectores máis significativos da cidadanía así como un dos logros polos que máis houbo que loitar ó longo da historia e son indispensables para loitar contra a desigualdade sociais e territoriais. Dende a xestión pública pódese garantir a calidade dos mesmos dotándoos dos medios materiais e humanos necesarios para que a súa labor cotiá contribúa a mellora da calidade de vida. A axuda a domicilio diríxese a proporcionar atención básica a aquelas persoas que presentan algún grao de dependencia ou discapacidade, familias en situación de risco social, persoas doentes ou para aquelas que precisan dun apoio na realización das tarefas básicas da vida cotián. Sen embargo a realidade é que na maioría dos casos (ó redor do 90%) este servizo adícase a persoas maiores en situación de fragilidade ou dependencia. A axuda no fogar concrétese nunha serie de servizos, tales coma:

- Atención persoal, aseo, hixiene, control e subministro de alimentos e apoio na mobilidade.



- Tarefas de carácter doméstico, limpeza e coidado básico do fogar, planchado, lavado e coidados das estancias utilizadas polo usuario.
- Tarefas de carácter social, acompañamento, ocupación do ocio e do tempo libre.
- Apoio e respiro familiar, sobre todo para o coidador principal.

O Partido Popular opina que unha sociedade xusta ha de asegurar os dereitos e a dignidade de todas as persoas, é tamén a dignidade como sociedade, como Concello a que está en xogo, non é comprensible que o equipo de goberno continúe malgastando alegremente os recursos que son de todos, mentres deixa sen atender necesidades primarias dos cidadáns, sen embargo a situación podería reconducirse con vontade política para facelo. Primeiro existe unha necesidade social que require un bo servizo de axuda a domicilio, Barbadás conta con excelentes profesionais e cun recorrido e experiencia avalado por moitos anos de desenvolvemento do programa. O Concello debe e pode ordenar as súas prioridades e o destino dos recursos económicos ás verdadeiras necesidades das persoas é un ataque ós pilares do benestar somos coñecedores da lista de persoas que solicitaron este servizo e continúan sen a atención axeitada, algunha delas con situacións graves por todo isto propoñemos o acordo: Instar ó grupo de goberno a que solicite un aumento de horas á Xunta de Galicia, previo informe técnico municipal das horas que serían necesarias para que o servizo se poida desenvolver de forma axeitada e chegue a todos os posibles beneficiarios en lista de espera.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señora Chelo Vispo. Ten a palabra o señor Ramón Padrón.

O sr. Padrón toma a palabra: Dicer que estamos de acordo coa moción que se nos presenta é unha necesidade básica atender a estas persoas por parte do Concello, dicer que xa nos debates dos presupostos expuxemos esta demanda, tamén no Pleno de xaneiro fixemos unhas preguntas relacionadas co servizo que se lle estaba a dar a uns beneficiarios por unhas queixas que había porque non se cubría as horas en determinados días ou algúns problemas que houbo e emendáronse eses problemas, en Comisión informativa informáronnos por parte do grupo de goberno solicitou o incremento de horas a través dun plan concertado antes do 31 de marzo creo recordar, non sei se o goberno ten algo máis que nos dicer, algunha novidade a día de hoxe.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a voceira de Democracia Ourensana.

A sra. Varelas toma a palabra: Estamos de acordo coa moción porque temos que axudar ás persoas necesitadas e contan con nós, entón temos que apoialos e se necesitan máis horas hai darllas e conseguir persoal e conseguir todas as axudas de onde sexan porque a poboación cada vez é máis



anciá cada vez hai máis xente soa, vivindo soa, xente que o mellor non pode facer as cousas e non podemos esquecernos desas persoas baixo ningún concepto, entón todo o que sexa axudas e axudas á xente estamos de acordo.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o señor Serafín Núñez.

O sr. Núñez ten a palabra: Como comentei xa na Comisión informativa da semana pasada efectivamente é unha moción na que dende o grupo de goberno estamos de acordo coa digamos co acordo valga a redundancia de solicitar un incremento de horas, xa comentei que efectivamente os técnicos municipais están traballando nesta liña e que efectivamente pois no plan concertado que se vai a presentar durante ó longo deste mes pois evidentemente se vai a solicitar ese incremento horario que evidentemente e efectivamente vai a permitir digamos anular a lista que temos hoxe de dependencia a lista de solicitudes que temos que nos ten asignada hoxe a Xunta, e que lle podo comentar que son de 10 persoas, 8 de grado un e 2 de grado dous, e que efectivamente pretendemos solicitar 300 horas que nos permitirán unha contratación de dúas traballadoras que incrementarán o servizo e que efectivamente van, son horas que van evidentemente van digamos a redundar en anular esta lista que temos hoxe e que efectivamente nos permitirá quedar cunhas serie de horas de reserva tamén para poder emendar posibles demandas de incremento de prestación de servizo na lista de dependencia que nos dea a administración, que nos dea neste caso a Xunta. Dicar que neste caso nós non temos hoxe horas ningunhas libres de dependencia, está absolutamente todas asignadas e dicir que efectivamente xa digo que estamos de acordo ca proposta da moción evidentemente si que non estamos de acordo, digamos co argumentario que se pon enriba da mesa ó respecto, porque vamos a ver aquí se nos di que efectivamente no último parágrafo fálase do gran traballo da política que está facendo a Consellería da política social da Xunta de Galicia un auténtico esforzo como nunca antes se viu onde se está incrementado horas e patatín, patatán, é dicir, eu lles podo informar que o pasado día tres de marzo houbo unha reunión na casa de chocolate na cidade de Ourense onde asistiron técnicos municipais, e desde a Subdirección xeral de dependencia e valoración da discapacidade que era a Subdirección que convocaba esta reunión se nos informa, se lle informa ós técnicos que efectivamente este ano ata o mes de xullo non se van a poder solicitar por parte dos concellos, solicitar non, solicitar se van a solicitar xa, que non se vai a conceder un incremento horario que é o que nos vai a permitir efectivamente esa contratación e digamos rachar con esa lista de dependencia que hoxe temos, é dicir, por un lado ó Partido Popular se lle enche a boca que o gran esforzo que fai a Consellería social da Xunta e por outro lado se nos di que ata o mes de xullo non se van a adxudicar horas, non me



coinciden, algo me falla aí, isto evidentemente é mentira, é demagogia do Partido Popular que seguen recortando servizos e recortando onde máis doe, onde máis se precisa que é precisamente servizos sociais, e esa é a súa política, a política do Partido Popular, e que podemos mirar dun ano para atrás podemos mirar por exemplo falar do 2015, onde efectivamente no mes de marzo xa se estaban adjudicando horas para solventar esta problemática desta lista de agarda de dependencia, no mes de setembro se volveron a ampliar, no mes de novembro volvemos a solicitar e se nos incrementou a, digamos as horas que son as que despois nos permiten efectivamente estas contratacións e emendar esta lista, esta problemática que temos hoxe enriba da mesa con estas 10 persoas, entón evidentemente eu creo que vostedes o que fan é unha demagogia, veñen aquí a presentar unha moción dicindo que nos insten, evidentemente xa digo os técnicos están traballando nesta liña e van a presentar este plan concertado para emendar esta problemática que hoxe temos enriba da mesa, pero dende logo recalcar a pelota está no tellado da Xunta de Galicia neste caso porque é quen ten que axilizar e dar estas horas xa ou antes. Nada máis.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a voceira do Partido Popular.

A sra. Vispo ten a palabra: Tíñame un pouco contenta, pensei que lle gustaba máis agora xa ó final xa non lle gustou tanto a moción. Vamos a ver señor Sarín Concelleiro de servizos sociais, vostedes estanme dicindo que dende o mes de xuño xa están gobernando, entón se vostedes tanta pena dálle a xente, está dicindo que a Xunta neste momento non lles da as horas ata o mes de xullo, vostedes contrataron a varias persoas ó longo destes meses se vostedes sabían que había esta problemática en axuda a domicilio que creo que as persoas teñen ese dereito, por que non utilizaron poden facer unha contratación como fan en outros sitios como logo veremos, de repente aparece un cocineiro na gardería xa lle preguntarei despois por el, pero tamén voulle a dicir se vostede ten tanta pena de que esa xente está sen atender, o Partido Popular claro que o ten, e fixo os deberes e por iso trae esa moción aquí vostedes contrataron agora mesmo están que despois tamén tocaremos o tema do técnico de igualdade e que tiñamos tamén razón o Partido Popular en que as traballadoras sociais podían facer esa función e demostrárono facendo unha carta un escrito ó Concello para paralizalo, e tiveron que ampliar o prazo, e tampouco pasa nada, aquí equivócase a xente e ninguén se decata pero o Partido Popular si se decata para dicirlle as súas mentiras, entón se vostedes foron contratando a 6 peóns, a un técnico que agora mesmo de igualdade, contrataron unha persoa no Centro empresarial e máis que van a contratar, se están, se os servizos son efectivamente son servizos prioritarios o Partido Popular vaino a apoiar, pero agora mesmo esa xente de axuda a domicilio si necesitaba ese apoio do grupo de



gobierno e non o fixeron e vostedes pásanlle a pelota ó Partido Popular, miren veñan vostedes dicindo como a señora Victoria, estiveron 8 anos igual que parte da nosa, de persoas que estamos aquí agora mesmo na oposición e non trouxeron unha moción para onde se tiña que facer o centro de saúde, e vostede non diga que o plan agora que saben, agora que entraron, agora que descubriron, agora que descubriron o que, levaban 8 anos igual que nós, na oposición e nós gobernando, pois agora mesmo que descubriron querían descubrir algo que non hai, entón realmente o que se fixo é traballar e o que fai o Partido Popular agora mesmo é seguir traballando en liña para que os cidadáns de Barbadás melloren a súa calidade de vida, cousa que vostedes non están facendo, porque mire si seguramente un técnico de igualdade fará falta pero máis adiante, cando esa xente de axuda a domicilio teña as persoas que lle axuden nas súas casas, porque hai unha persoa e llo dixen na Comisión o xoves que me deu pena, porque ten unha persoa encamada e leva meses esperando por esa axuda, dígalle vostede que contrataron un técnico de igualdade ou 6 peóns, cando non hai diñeiro para facer esas obras con 6 peóns, porque mire vullle dicir unha cousa, nós non teríamos diñeiro pero tiñamos A Valenzá súper coidada A Valenzá e os pobos, despois vullle a demostrar nas preguntas e con fotos reais.

O sr. Alcalde toma a palabra: Señor Ramón Padrón.

O sr. Padrón toma a palabra: Repetir que estamos de acordo coa moción porque é un tema que temos que paliar, e se non é a Xunta o Concello ten que tomar cartas no asunto para resolvelo, ogallá que sexa a Xunta a que faga efectivo a solicitude que facemos de parte do Concello e igual que no tema do transporte metropolitano que tamén é para o mes do verán esperemos que surtan efecto, senón isto si que é algo importante que o Concello ten que solucionar. Nada máis.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a voceira de Democracia Ourensana.

A sra. Varelas toma a palabra: Nada eu estouvos escoitando e teño unha dúbida e é moi grande e é a seguinte se todos estamos de acordo que estamos debatendo por que non aprobamos isto dunha vez e axudamos ós veciños e empezamos a deixar un diálogo absurdo porque se estamos de acordo a votar que si e axudalos. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o señor Serafín Núñez.

O sr. Núñez toma a palabra: Vamos a ver, aquí por parte da voceira do Partido Popular estame falando da contratación de peóns de obras, de técnico de igualdade, é dicir, vostede fala de cousas que non teñen nada absolutamente nada que ver co estamos falando, aquí estamos falando de que oficialmente había unha partida orzamentaria para pagar ó persoal na área de servizos sociais para o orzamento do 2016 e que efectivamente nós o que non podemos saltar isto á toureira porque a alguén



lle pareza que temos que contratar persoal nós evidentemente necesitamos este persoal pero o necesitamos e o podemos pagar cando recibamos ese incremento horario por parte da administración autonómica e eu dende esta bancada o que si teño que dicir é que xa que vostedes entendo que teñen esa liña directa ca administración Feijóo, pois que cando se presente este plan concertado fáganlle un favor se queren á cidadanía deste Concello, e esixindo que efectivamente a administración autonómica nos conceda esas 300 horas que nos van a solventar a problemática que temos hoxe enriba da mesa de dependencia. E eu creo que nese camiño é no que nos podemos encontrar. Nós estamos traballando nesa liña o que non podemos é contratar, é dicir, misturar allos con cebolas, técnico de igualdade, peón de obras, había unha partida orzamentada para un técnico contrátase ese técnico, se hai unha partida orzamentada para obras, de acordo. Respecto á voceira de Democracia dicir evidentemente mire dende o goberno evidentemente estamos a favor da moción xa o dixen o outro día con relación ó acordo que pasa, que o que non estamos de acordo é con plantexamento que se fai un pouco por detrás efectivamente que vamos instar, que vamos a presentar este plan concertado e que evidentemente nesa liña están traballando os técnicos esta moción íase levar a cabo presentase ou non a presentase o Partido Popular porque é o traballo dos técnicos do Concello que o que ten que facer.

O sr. Alcalde toma a palabra: Rematou señor Sarín, moitas grazas. Votos a favor da moción, queda aprobada por unanimidade.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobada por unanimidade o seguinte acordo:

Moción do PP para a mellora no servizo de axuda no fogar: Instar ó grupo de goberno a que solicite un aumento de horas á Xunta de Galicia, para o Servizo de Axuda no Fogar, previo informe técnico municipal das horas que serían necesarias para que o servizo se poida desenvolver de forma axeitada e chegue a todos os posibles beneficiarios en espera.”

8- MOCIÓN DO GRUPO MIXTO PARA A CONSTITUCIÓN DUNHA COMISIÓN DE INFRAESTRUTURAS E SERVIZOS BÁSICOS.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moción do Grupo Mixto para a constitución dunha comisión de infraestrutura e servizos básicos. Ten a palabra o señor Ramón Padrón.

O sr. Padrón toma a palabra: Ben pois esta moción que traemos aquí ten algo de relación tamén co que debatemos antes e un pouco para cremos nós facer as cousas como se deberían facer, e para que non pasen os erros que sucederon ata o de agora, polo tanto e dende o Grupo Mixto, tendo en conta a carencia de certas infraestruturas e servizos no noso Concello presentamos esta Moción que



defendemos na campaña ás eleccións municipais e que figura no acordo de investidura do actual grupo de goberno. O Concello de Barbadás como todos sabemos, a día de hoxe, necesita unha serie de infraestruturas e servizos básicos dos que carece dada a súa importante poboación, sobre todo nenos e maiores, que afectan á totalidade da veciñanza, ou sexa á totalidade a todo o mundo, non a certas partes do Concello, nin a parroquias nin a pobos, a toda a veciñanza do Concello, tal é o Centro de Saúde, a Gardería Municipal, Centro de Día, Transporte Metropolitano e de Interior, o Instituto, Piscinas Municipais, a Escola de Música, Auditorio, Parque Empresarial, Cemiterio Municipal, estou relatando as máis importantes. Para nós estas son as máis importantes, algunha xa está en execución material como é Centro de Saúde. Outras como o Transporte Metropolitano a piques de entrar en funcionamento, se a Xunta de Galicia cumpre o convenio aprobado aquí por unanimidade en Pleno Extraordinario con data 25 de Febreiro de 2016. A nosa proposta de crear unha comisión con representantes das forzas políticas que ostentan á representación cidadán no Concello vai no camiño de decidir co maior consenso posible aquelas propostas e ideas que todos os grupos poidamos aportar en base á urxencia de cada infraestrutura e servizo, aquí creo que sería a gardería municipal ou o centro de día as que máis urxencia terían, pero sería cousa de debater na comisión, a súa situación, como falamos antes do centro de saúde, o seguimento de proxecto, financiamento, execución, achega de ideas dos representantes veciñais e sociais de Concello. Consideramos vital para o desenvolvemento do Concello esta proposta a todos os niveis. Así, como mencionamos antes, non repetiremos erros do pasado que todos coñecemos, e que nos xeran tantos problemas e custes a día de hoxe. O último foi o relacionado co Centro de Saúde. A infraestrutura e servizo, creo que estamos todos de acordo máis importante do Concello, feito de costas á veciñanza. Pero hai máis exemplos: unha Casa da Cultura cun salón de actos raquíutico; unhas piscinas municipais pequenas, deterioradas e nas que dá a sombra; o viario polo que se accede ao Campo dos Carrís e ao Pavillón que puido haber quedado máis ancho xa non ten solución; o Museo da Música que o 90% da poboación de Barbadás non sabe nin que existe, nin os cartos que se investiron nun edificio estéril, sen demanda social, que non cumpre nin a función para o que foi creado e ademais chove dentro. O malgasto de diñeiro público en obras que por falla de previsión non cumpriron o obxectivo fixado, o local de Sobrado que se queda pequeno, e ademais presentan un lamentable estado de abandono, exemplos varios temos no Concello instalacións deportivas do Comón en Piñor, Parque da Lucinda no Fonsillón, Polideportivo da Solaina sen teito e non se lle pode colocar por haber edificio ó lado e un longo etc. Por todo isto consideramos que a urxencia e execución destes servizos tan importantes para toda a veciñanza en



xeral do Concello deben contar co maior respaldo posible comezado polos grupos aquí representados e cos colectivos veciñais do Concello a través do Consello de Participación Veciñal. E non coa decisión unilateral dun só grupo que obstente o goberno do Concello. Son infraestruturas e servizos estratéxicos que necesitan o maior consenso posible de toda a Veciñanza e non da loita entre os partidos políticos. Con isto o acordo que traemos para votación é o seguinte: Creación por parte do grupo de goberno dunha Comisión no prazo dun mes, con presenza dos representantes dos grupos municipais, na que se debatan e se decidan cales das infraestruturas e servizos expostos anteriormente son prioritarios para o Concello e onde se acheguen ideas e proxectos para a súa situación e execución sempre contando cos informes técnicos pertinentes. En dita comisión fixarase a data da seguinte, e trasladar estas propostas ao Consello de Participación Veciñal. Quería dicir aquí, cremos que queda clara a exposición e o acordo que queremos que se aprobe dicir que dita comisión se convocaría sen custe algún para o Concello.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten a palabra a voceira de Democracia Ourensana.

A sra. Varelas toma a palabra: Mire señor Ramón, vostede eu quedei sorprendida na Comisión informativa con esta moción. Ségueme sorprendendo vostede como ven di este goberno está en minoría, vostede apoiounos para gobernar firmaron un contrato que, contrato, convenio non sei como chamarlle, un acordo onde vostede esixía unha serie de condición e eles firmáronas pois entón esta moción vai saír aprobada téño claro porque as cousas se firman é para cumprilas, entón se sae aprobada a ver se o goberno demostra co que firma o cumpre, pois nós estaremos de acordo pero a ver que pasa.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señora Fina Varelas. Ten a palabra o voceiro ou voceira do Partido Popular.

O sr. González toma a palabra: Don Ramón pastón custan as bufandas, e o apalpador e os técnicos que non serven para nada novo, os seis obreiros cun sacho que non sabemos onde anda, e os premios de 500 € ós concelleiros amigos, a dona Victoria dicirlle que tanto se lle inchou a campaña, na campaña electoral dicindo que tiñan o solar non aparece por ningures agora están gobernando e non o teñen por ningures, así que deixen de mentir xa, cambien o chip están gobernando e van para un ano e miren como andamos. Ben en resposta á moción do Grupo mixto sobre a multi comisión vamos a ver punto por punto don Ramón Padrón: primeiro comisión sobre o centro de saúde xa a levamos nós e mire que votou o señor Alcalde, segundo sobre a gardería o centro de día o problema máis que dicir é onde se vai facer en si mesmo, que é o que nos levará tempo, terceiro o transporte metropolitano xa se



fai consensuado cos outros concellos e sobre todo cos cartos da Consellería que é quen sufraga maioritariamente, en canto o instituto a vella e lendaria mesmo diría que demagoxia reivindicación dos PSOE e do BNG cando estaban na oposición non pode conseguir como así o recoñeceu o señor Alcalde o outro día, entón para que o mete aquí, as piscinas municipais o problema é facelas, hai pouco que debater, o mesmo respecto ó museo, auditorio, etc, etc. Don Ramón o tema non e tanto crear comisión senón conseguir os investimentos podemos xuntar a todos os veciños para decidir o centro de saúde pero quen decide son as posibilidades reais, a situación real, A Valenzá non dispón dun terreo máis axeitado para o centro de saúde como así quedou demostrado cando o novo goberno municipal non dispón del, non é soamente que nos gustaría senón que ter clasificación como solar dotacional non estar en protección de zona hidrográfica, etc, en canto ó instituto non pode facerse salvo que veña vostede cun guindastre para transportar o de referencia no concello limítrofe de Ourense ata aquí, a lei non permite construír outro a menos de certa distancia para evitar duplicidades e gastos claro que se Ourense tivese rapaces suficientes para encher o actual poderíamos esixir dun novo en Barbadás, pero iso non parece depender de nós polo momento o número de rapaces está a baixar en toda a provincia por desgracia é así o resto, cando un se mete en política hai que ser serio en non vir con demagoxias, non se debían de permitir nin na campaña electoral pero moito menos despois. Don Ramón non nos parece mal comisións se son efectivas e son para vixiar para ó bipartito de Barbadás faga as cousas ben, pero para iso xa está o Pleno municipal, non si, claro que este non serve de nada se quen se fai chamar terceiro alcalde e mesmo quen di ser o verdadeiro alcalde xa que logo ten o voto que decide, a quen se lle enche pedindo comisión pero que permite subir os soldos os concelleiros gobernantes mentres baixa as indemnizacións ós da oposición, aquel que permite ó Concello quedarse cos 625.000 € do IBI dos veciños, aquel que permite investir en técnicos en funcións, a obreiros en material, vamos a chamarlle os 6 obreiros con sacho, despois preguntárolle o señor Rafa por onde anda, etc, se quen, é dicir, con sacho porque non ten capítulo orzamentario para obras, andarán cun sacho os pobres, nin se ven, se quen fai todo isto e mesmo que é unha e outra vez en lugar de fiscalizar ó goberno como lle encomendaron os 504 veciños que confiaron, acórdase cando llo dixen a vostede, acórdase das miñas palabras, lémbrese, que llas vou recordar moitas veces, eses 504 veciños que confiaron nel moitas veces vota canda el, cando o grupo de goberno como se fose o 4 concelleiro do BNG de que serven as comisións, sóalle señor Padrón, quen será o concelleiro na sombra do bipartito de Barbadás, de todos os xeitos se vostede quere cambiar de actitude a tempo, sempre estamos abertos a calquera moción de censura e facer as cousas ben, dunha vez por todas neste



concello. Moitas grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señor Manuel. Ten a palabra a señora Concelleira Victoria, perdón señor Fírvida.

O sr. Fírvida toma a palabra: Para desgusto da señora Fina teño que comezar dicindo que vamos a votar en contra desta moción, e ademais vamos a explicar porque, pero vamos a explicalo desde o realismo porque compartimos o fondo desta moción, estamos moi de acordo co fondo desta moción de feito eu creo que é unha aposta clara deste goberno apostar pola transparencia e a participación e así temos demostrado, elaboramos un regulamento de participación veciñal onde aparte da representación política que vamos ter todos os grupos políticos con representación neste Pleno vamos ter participación directa en todos os órganos de participación veciñal, tamén van a ter participación o resto da veciñanza de todo tipo de asociacións, eu creo que iso é moi máis plural, moito máis democrático, e moito máis participativo, que si facemos unha comisión exclusivamente dentro desta casa, dentro deste Concello que por outra banda nos levaría ao que están levando estes Plenos é dicir, a solicitar por exemplo obras faraónicas a solicitar a circunvalación de Barbadás, como propuxo un día o Partido Popular, ou a solicitar un edificio de catro andares con sotos para aparcas coches nun nicho en A Valenzá, a iso é o que nos levaría unha comisión política señor Ramón e esa é a razón pola que non vamos a aprobar esta moción porque entendemos que esa comisión non levaría a ningures, a ningures, máis que a un absoluto absurdo eu creo que moito, moitos dos novelistas sudamericanos terían moita temática aquí para facer novelas sobre realismos máxico. Demostramos tamén a nosa transparencia cando non fixemos ningún tipo de delegación do Pleno, perdón da Alcaldía en Xunta de Goberno, nin da Xunta de Goberno no Pleno, mantemos a máxima participación democrática que permite lexislación en materia local non como facía o Partido Popular anteriormente, polo tanto vostedes teñen maior participación directa en todas as tomas de decisións por parte do goberno de Barbadás teñen moita máis información e existe moita máis transparencia desde que hai este goberno en Barbadás, por certo, vostedes teñen todos estes órganos a súa disposición para facer uso deles cando queiran, poden traer calquera tipo de proposta e se nós consideramos que hai algunha infraestrutura básica primordial, esencial, e de necesidade urxente de execución e podemos acometela non dubide vostede de que a nosa vontade é de crear ou ben Xunta de voceiros ou ben Comisións informativas para poder debater esa infraestrutura, pero teríamos que tomalo unha por unha, por exemplo centro de saúde, mire vostede señora Fina, nós, moitos dos que estamos aquí agora no goberno levábamos 8 anos na oposición, moitos, moitos, podo dicirlle a vostede que presentamos



moitas mocións, moitas mocións sobre o centro de saúde, e debatémolas iso neste Pleno durante moitas veces, moitas, e pedíndolle ó goberno do Partido popular que modificase o planeamento para buscar terreos, claro agora o señor Manuel nos pide que busquemos uns terreos, verdade?, cando o centro de saúde está a medio construír entón dicímoslle á Xunta de Galicia mire non nos vale, cemente iso que non nos gusta que xa buscaremos nós outros terreos, non, xa se está facendo, xa está en construción e que non se decatou vostede señor Manuel de que o centro de saúde xa empezou a construír en agosto do ano pasado, non se decatou?, suba vostede a rúa das Burgas que lle está alí enfronte, mire vullle dicir outra cousa señor Manuel, vostede non ten nin idea do que acontece neste Concello, eu recoméndolle que se informe antes de vir aquí a dicir as cousas que vostede di, por exemplo sobre o instituto, hai un compromiso na Consellería de educación por parte dos propios membros do Partido Popular na Consellería de educación onde se recoñece a necesidade de que exista un instituto en Barbadás porque temos poboación en idade de secundaria e obrigatoria para encher dous institutos, hai un acordo de todo o claustro de profesores do Ferro Couselo, que aceptaría trasladar aquel instituto para Barbadás, polo tanto ese non é o problema, ese non é o problema, o problema é a falta de solares urbanizados para pór a disposición da Consellería de educación para construír ese instituto, senón o sabe volo digo eu, por certo pregúntelle á súa compañeira de partido porque ela o debería saber porque estivo aquí os últimos anos como estivemos nós, estivemos nós tamén aquí, polo tanto señor Ramón, nós somos os primeiros interesados de que haxa total transparencia e democracia porque iso avalará a nosa xestión de goberno, e nos sentiremos apoiados pola cidadanía cando hai esa transparencia e esa democracia, cos grupos políticos da oposición como ve con moitos non podemos contar, non podemos contar temos que asumir a nosa responsabilidade de xestión facernos cargo das nosas tomas de decisións compartir iso ca cidadanía pór todo iso en valor e dende logo aceptar todas as propostas suxestións que vostedes teñan a ben, pero crear comisións inútiles non.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas.

O sr. Padrón toma a palabra: Por empezar co que rematou vostede non é ningunha comisión inútil, iso en primeiro lugar, en segundo lugar señor Manuel poñéndose en plan político aquí non se arranxan os problemas dos veciños, entende?, porque así apareceu un centro de saúde onde está, entón cando eu na miña casa quero decidir séntome ca miña muller nunha mesa e ela di, ela ten a súa opinión, eu teño a miña, mirámola dende diferentes puntos de vista e chegamos a un acordo que ás veces non é tan ben para min, outras veces non é tan ben para ela, pero chegamos a un acordo, e as cousas fanse alí, sobre



todos estas cousas que precisan tanto os veciños, vostedes estanas levando ó terreo político, estanas levando á loita entre partidos cando non debería ser así, e non sei se entenderon o fin da moción que é mirar cales son as cousas prioritarias para nós, para outros serán outras pero para nós son unha gardería municipal e un centro de día, como vamos a facer a gardería municipal?, cada partido vamos a traer a nosa proposta?, cada partido vámonos ocupar a ir onde os técnicos municipais a buscar os terreos que este Concello poida dispoñer a Xunta de Galicia ou a quen nola constrúa?, e traer en cada Pleno vamos a traer cada un a nosa proposta, e vai a ver un diálogo de xordo, ou que?, o que vai a pasar é iso, pois para iso deberíase crear unha comisión de infraestruturas e servizos básicos. Nesa comisión haberá algún partido que non estea de acordo co que sexa pero póñense as cousas enriba da mesa e todos están informados e todos ven o que hai, e logo lévase ó consello de participación veciñal, e vostede non me veña falando do consello de participación veciñal, cando aquí se trouxeron dúas ordenanzas sen falar nin sequera con representantes veciñais, entón non se pode predicar cousas que despois non se levan á práctica cando non lle convén, entón e creo que é máis importante unha infraestrutura coma unha gardería municipal, primeiro que se debata nunha comisión xa digo sen conste algún para o Concello, eu viría aquí gratis, a sentarme nunha mesa un momento, para ver uns terreos que o Concello teña para ir mirando onde se pode situar algo, e decidilo e pedilo o antes posible, pero está claro que aquí non queremos facer iso, queremos cada un traer a nosa proposta pois nada, nós traeremos as nosas propostas segundo o que nós consideramos que é prioritario para o Concello. Nada máis.

A sra. Varelas toma a palabra: Volvo a dicir o que dixen antes señor Padrón eu a moción non me desgusta, vólvolle dicir, ou sexa, vostede practicamente nesta moción está dicindo que un pouco gobernemos entre os cinco partidos políticos, gobernar non, expoñer as nosas ideas e chegar a un consenso e tal, iso está ben, pero o problema é que vólvolle dicir, os que vostede apoiou non o apoian a vostede, é que non o entendo e pódolle dicir é que neste caso si ten a razón e non o apoian e xa está vendo ou sexa aquí débátese máis a política que as necesidades dos veciños, eu iso xa o vexo dende que entrei, por iso cando eu presento unha moción pois a veces me enfado ou son bruta, ou como lle queira chamar, porque eu cando presento unha moción creo nela, estou defendéndome non a min, á xente que cree en min, entón a súa moción é boa, pero o equipo de goberno que vostede apoiou díxolle que non. Grazas.

O sr. González toma a palabra: Señora Fírvida a min leccións dese tipo bastantes poucas me poden dar vostedes, vostede que é o Tenente Alcalde recentemente tomado posesión, márchase de vacacións,



pasando de moitas cousas, deixou isto medio abandonado estamos sen Alcalde a día de hoxe, podía facer aquí un requisitorio completo. En canto ó centro de saúde case se o carga, foi vostede tan incompetente que manda escritos e o publica, e fai as roldas de prensa que lle encanta ó BNG de sempre alí para case cargarse o centro de saúde, estivo a piques, estivo a piques, que iso si llo recordei aquí un día que llo teríamos moi en conta e iso é así, e senón lea a hemeroteca que as actas están moi ben recollidas e espero que tamén recollan o que pasou hoxe neste Pleno. En canto a don Ramón, hai que de verdade esta demagogia xa cansa que xa o fixeran eles na oposición pero que agora sigamos con esta historia, hai 24 centros eu non vou defender o solar porque ó mellor se podería encontrar outro mellor, ou se podería facer tal, non señor, hai 24 centros de saúde na provincia con maior cota de altura cando o queiran vostedes tráíollos aquí, e eses cidadáns non son nin mellores nin peores que os de Barbadás, e xa lles dei argumentos de abondo de como accedía a xente como podían ser os problemas dos pediatras, nós estudamos a solución precisamente para os carriños dos coches e para os discapacitados que son os que realmente terían ese problema e vostedes seguen ser darlle solución, así que demagogias, eleccións as xustas, de momento mentres non demostren vostedes outra categoría, gobernando eleccións as xustas vólvolle a repetir. E por último don Ramón vólvolle a repetir o Concello non é unha asociación aquí traer unha serie de propostas e medidas serve para ben pouco, e máis con esta xente que temos aquí gobernando. Grazas.

O sr. Fírvida toma a palabra: As infraestruturas que se recollen na moción para nós tamén son prioritarias, tamén o son tamén nós cremos que son cousas que se deben plasmar na realidade do noso Concello, agora ben, estas propostas deben saír da realidade, da posibilidade e do estudo, do estudo da capacidade que temos para desenvolverlas, de pouco vale que nos reunamos catro ou cinco persoas se despois non temos un planeamento axustado á realidade que temos e das necesidades que hai neste Concello de pouco vale reunirmos se non temos unha dotación orzamentaria prevista para facer unhas piscinas, ou para facer calquera outra obra xa non digo a circunvalación verdad?, ou unha obra faraónica de pouco vale que nos reunamos se despois non podemos concretizar todas aquelas propostas que saían desa reunión polo tanto, non intenten feridas entre o noso de goberno, entre o grupo de goberno e quen nos apoiou para facer este goberno, o dado sería aprobar as mocións, para nós sería moi cómodo vir aquí e dicir que si a todo e marchar para casa antes, pero nós gobernamos con responsabilidade e o gobernar con responsabilidade nos obriga a ser serios e a tomar decisións non vir aquí para quedar ben con ninguén, e nós xa lle dixemos nas Comisións e lle dixen hoxe, que compartimos o fondo desta moción que compartimos a necesidade da transparencia e da democracia e



da participación veciñal, pero entendemos que isto non se pode canalizar a través dunha comisión de participación como propón hoxe o grupo mixto, senón que se ten facer a través dos órganos de participación veciñal. Fálame vostede das ordenanzas de participación veciñal onte e que a ordenanza de participación veciñal aínda non está totalmente desenvolvida aínda non están creados os organismos de participación veciñal nin as comisións sectoriais, cando se creen cando funcionen poderemos debater varias cousas porque senón funciona non podemos levalas, en todo caso si que houbo participación porque todas as ordenanzas que se trouxeron aquí foi para aprobalas inicialmente, e agora hai un mes de prazo para presentar alegación e nós aproveitamos por exemplo hai a semana pasada, non sei se hai quince días, para reunirmos con todas as asociacións veciñas deste Concello para presentarlle a ordenanza para debullarlla literalmente polo miúdo para que a coñeceran, para saber cal é a xestión desta ordenanza e como se pode levar a cabo, e as propias asociacións quedaron en facer emendas, en facer alegacións e eu creo que iso é participación veciñal e por iso nós votamos en contra diso pero compartindo o fondo entendemos que isto non é a forma de facelo por iso o facemos, e repito cómodo sería aprobalo pero non o facemos por responsabilidade.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando rexeitada cos votos en contra do PSdeG-PSOE e BNG, os votos a favor do Grupo Mixto e as abstencións do PP e Democracia Ourensana o seguinte acordo: **“Moción do Grupo Mixto para a constitución dunha Comisión de infraestruturas e servizos básicos”**

9- MOCIÓN DO GRUPO MIXTO PARA O CUMPRIMENTO REAL E EFECTIVO DA CARTA EUROPEA DAS LINGUAS REXIONAIS E MINORIZADAS.

O sr. Padrón toma a palabra: Traemos aquí ó Pleno do Concello unha iniciativa do Grupo Mixto a nivel de todo o País para que se cumpra, o cumprimento real e efectivo da carta europea rexionais e minoritarias. O pasado 21 de xaneiro, en base a darlle publicidade como era o tema dos traballadores de TRAGSA, cremos que o Concello ten que posicionarse sobre isto. O pasado 21 de xaneiro facíase público o *4º Informe de avaliación do cumprimento da Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias*, elaborado polo Comité internacional de expertos. Ao tempo, e baseadas neste informe, facíanse públicas as recomendacións do Consello de Ministros do Consello de Europa ao Estado español. Nestas recomendacións, o Comité de expertos e o Consello de Ministros sinalan os aspectos que cómpre corrixir para o cumprimento efectivo das garantías que o Estado español e a propia Xunta de Galicia se comprometeron a cumprir ao ratificar a Carta en 2001. O Concello de Barbadás



manifesta o seu compromiso coa *Carta Europea das Linguas Rexionais e Minorizadas*, tratado internacional que garante os dereitos lingüísticos, nomeadamente en relación á lingua galega como lingua propia e oficial de Galicia e o acordo que se quere tomar é instar á Xunta de Galicia é primeiro: Cumprir con todas as recomendacións do Consello de Ministros e do Comité de Expertos do Consello de Europa, e esixir do Estado español a aplicación real dos seus compromisos en relación coa Carta, tal e como indica o Consello de Ministros. Segundo: Dar os pasos necesarios para cumprir co sinalado na alínea 640 do informe que afirma que o decreto 79/2010 de plurilingüismo contradí o establecido na *Carta*, e o punto 5º da resolución do Consello de Ministros, onde sinala que a introdución dunha terceira lingua no ensino non pode afectar negativamente á propia. Terceiro: Elaborar de maneira ampla e consensuada un novo decreto para o uso do galego no ensino, que atenda aos principios de normalización lingüística, e acorde co sinalado na Carta Europea. Cuarto: Que mentres non se elabora o novo decreto, modifique o actual derogando os artigos que poñen límites ao uso do galego nas aulas, como as porcentaxes máximas de materias a impartir en galego nos centros e a prohibición de impartir na nosa lingua as materias científico-técnicas ou matemáticas., e quinto por último Garantir unha oferta ampla de liñas de ensino infantil en galego en todas as vilas e cidades.

A sra. Jácome toma a palabra (Democracia Ourensana): Voume a estrear a verdade é que prefiro manterme nun segundo plano, non me decatei moito do que veu a veu a lernos o señor Ramón, a verdade é que facendo uso da palabra aquí o noso colega paréceme unha moción inútil como o da comisión, totalmente inútil, porque este é un tema, isto é un brindé o sol, isto é un non falar de nada, isto é un no ha lugar no Concello de Barbadás, isto é falar do sexo dos anxos é facerlles perder o tempo á xente, isto é para falar no Parlamento Europeo, isto é para en fin, para non xogar a ser un parlamentario señor Ramón. Con respecto ó do tema do galego quero dicirlle que eu creo en Democracia Ourensana si pensamos unha cousa, non sei se vostede ten fillos en idade escolar, creo que si, pero a lingua que realmente está oprimida é o castelán, porque a maior parte de, o galego, a maior parte das materias está en, o galego está na maior parte das materias, realmente a lingua que está oprimida é o castelán, pero repito isto non é para falalo aquí isto que se adique a Xunta, Estrasburgo, etc, non é para falalo aquí, así que nesta moción vámonos abster, e non vamos a xogar a ser parlamentarios.

O sr. Fernández toma a palabra: Vamos a ver, ou por moito ou por pouco, primeiro quixera preguntarlle señor Padrón na miña ignorancia e é certo son moi ignorante que me explique primeiro o da carta e segundo que me explique que ven a dicir o informe do comité de expertos que se nos diga



por que co que vostede dixo non me quedou nada claro. Vamos a ver, varias cousas, vanme permitir que utilice unha expresión da miña compañeira Fina que xa ten dito aquí varias veces neste mesmo salón, e é dicirlle señor Padrón que suba aquí arriba e estea xa cos seus compañeiros e que faga efectivo o que xa está facendo a día de hoxe. Mire aquí no seu escrito o Concello de Barbadás manifesta o seu compromiso coa carta europea das linguas rexionais e minorizadas, xa o ten pactado claro xa o ten arranxado con eles porque o Concello de Barbadás manifesta, dirá que o seu grupo de goberno manifesta en todo caso. Vamos a ver, ven a traer algo aquí, que non é propio seu senón estano presentando no resto do País membros do seu grupo e vostede pois nada tráeno para aquí, vamos a ver mire, cando interesa preguntamos ós veciños para saber a súa opinión, regulamento de participación veciñal pero isto aquí toma aí tes aprobámolo e acabouse, nós defendemos dende o Partido Popular de Barbadás a coexistencia das linguas cooficiais tanto dentro coma fóra das institucións sen prohibicións nin imposicións mire, unha voceira do Partido Socialista dun concello de aquí de Galicia, dixo unha cousa moi importante, di, se te presentas a unhas eleccións por un partido político sabes que as directrices do partido prevalecen sobre os principios persoais e era no tocante a isto así que imaxínesse vostedes. Mire a carta que menciona non é un tratado ó uso, España asinouno o señor Aznar no ano 2001, pero outros países como Francia non o fixeron e tampouco implica sancións ós estados incumpridores, así que nós dende o noso grupo vamos votar abstención a este asunto pero non se preocupen porque agora veñen as leccións de galeguismo o señor Fírvida nos vai a inspirar a todos os presentes, públicos e compañeiros. Moitas grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o señor Fírvida

O sr. Fírvida toma a palabra: Eu podería dicirlle ó señor Manuel o que di este informe porque o lín, se quere explícollo. Isto nace do acordo, primeiro nace dun informe elaborado por expertos da Unión europea, por certo aprobado polo consello de ministros da Unión Europea non é só que sexa un informe elaborado por expertos que xa sería de abondo para debater este tema ou para falar deste tema coa importancia e a relevancia que ten señora de Democracia Ourensana é un informe de expertos lingüistas a nivel europeo que defenden as linguas minorizadas da Unión Europea, e polo tanto, é un informe para apoiar e desenvolver e normalizar as linguas minorizadas en toda Europea, e a Unión Europea elaborou no ano 92 en 1992 unha carta europea das linguas minorizadas, hai un acordo político entre 12 organizacións políticas de toda Galicia, 12 organizacións políticas todas, todas agás o Partido Popular, todas menos o Partido Popular en apoio desta moción impulsada pola mesa de normalización lingüista incluso o seu presidente Marcos Maceira que a unidade das forzas políticas



entorno ó idioma galego, este informe de expertos apoiado como digo polos ministros do Consello da Unión Europea instan á Xunta de Galicia a que protexa e impulse o galego no ensino se fai isto é porque o galego está oprimido, está en perigo de extinción, esta é a realidade porque todas as enquisas lingüistas en canto ó uso do idioma galego indican un número de utentes cada menor da lingua galega e sobre todo nas persoas máis novas do noso País iso é o que reflicten todas as enquisas sempre en Galicia, polo tanto é unha obriga da Unión Europea é unha obriga da Xunta de Galicia defender ademais unha cuestión que había concordo había absoluto concordo político en apoio á Lei de normalización lingüista ó plano de normalización lingüística no decreto aprobado no ano 2007 o propio Estatuto de Galicia estaba aprobado incluso polo Partido Popular, o que acontece é que a raíz dunhas eleccións que se tiveron en Galicia nunha situación política moi adversa para a lingua galega o Partido Popular decide rachar con este acordo e decide tirar pois tirarse ó monte e converterse no partido máis galegofóbico da historia deste país, destruindo a nosa lingua empezando polo seus usos no ensino, mantendo sempre unha falacia, e a falacia que move a todo isto é que a través da inclusión do inglés no ensino reducir a lingua galega a un terzo como máximo das materias que se imparten tanto en ensino infantil, como primaria, como secundaria, como nos bacharelatos, a vostede lle pode parecer moito, pero iso non chega para unha lingua que se atopa nunha situación de digloxia que é aquela que está minorizada respecto a unha maioritaria e con maior prestixio social, tal é así que as materias con maior prestixio social o partido Popular obriga a impartilas en castelán, pero non só pasa isto no ensino pasa en todos os ámbitos sociais, pasa na xustiza, pasa na medicina, pasa en todos os ámbitos políticos que o galego está agochado estase convertendo unicamente nunha lingua litúrxica, en lugar de facer unha promoción real dela, e agora nos ven a Unión Europea a lembrar cales son os nosos deberes e cales son as nosas obrigas que son impulsar a lingua galega, polo tanto nós non podemos estar máis de acordo con esta moción.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o señor Ramón Padrón.

O sr. Padrón toma a palabra: Simplemente eu non quero polemizar con este tema porque a lingua, a nosa lingua materna non o merece, entón simplemente señor Manuel vostede xa se contestou coa súa intervención vostede mesmo, calquera que estivera escoitando xa se contestou, porque vostede dá a sensación dá a sensación que se leu todo perfectamente e bastante listo para ver o que pon aquí, e despois fai preguntas aquí coma quen que para que a xente, está tratando á xente de tonta, pero se vostede é a súa liña, xa lle digo que non vou polemizar cun tema tan importante coma este o da nosa lingua, e dicirlle que non, que agora mesmo os nenos reciben máis clases en castelán que en galego



cando antes en infantil, eu teño cinco e podo, creo que podo falar sobre este tema, cando antes se lle daba en infantil a súa lingua materna, iso foi modificado cun unha consulta que agora veñen este consello de ministros e quere corrixir ó Estado Español, á Xunta de Galicia, para que realmente cumpran os acordos que o decreto do plurilingüismo que se aprobou no 2010 está contravenido, nada máis que iso. Que máis quería dicir mire, eu Grupo Mixto xa dixen cando empecei a exposición que Grupo Mixto, é unha iniciativa do Grupo Mixto a nivel de todo Galicia efectivamente, envíanos a nós para que o Concello de Barbadás se sitúe neste tema porque é a nosa propia lingual, e hai un goberno hoxe na Xunta de Galicia que está contravenindo os acordos que se chegaran como explicou antes o señor Fírvida, entón dende o Concello de Barbadás como pon aquí, queremos darlle publicidade e que non se esquezan os que nos están gobernando de que non estamos de acordo co decreto que existe hoxe na actualidade, entón é para darlle publicidade e mañá sairá nos xornais e sairá que o Concello de Barbadás aprobou o cumprimento para que se cumpra esta carta. E mire dígolle máis cousas somos o grupo que máis mocións trae de aquí de Barbadás de só de Barbadás esta ó mellor é unha, unha de todas as que trouxemos debe ser a única, e dígolle máis, hai moitas máis mocións que nos mandan ou tamén o Grupo Mixto e non as traemos para que o saiban, para que se enteren.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señor Ramón Padrón. Ten a palabra a voceira de Democracia Ourensana

A sra. Jácome toma a palabra: Eu o único que teño que dicir é que teño un fillo en idade escolar que me gustaría poder, pero non é un tema para falar aquí, pero de todas formas teño un fillo en idade escolar que me gustaría poder decidir en que idioma quere estude o meu fillo, que estou en Galicia e que non podo que o meu fillo, porque o meu fillo ten que estudar galego en materias que a min non me interesa para nada que estude galego nesas materias como por exemplo historia, sociais, matemáticas, etc, ou sexa, se me decides que o galego é unha lingua oprimida decídeme onde, porque no que estuda o meu fillo o castelán é a lingua oprimida, e xa digo non é un tema para falar aquí, perdón.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o voceiro do Partido Popular.

O sr. Fernández toma a palabra: Pois ó señor Padrón eu síntoo moitos non lle podo pedir desculpas porque se a vostede cando lle preguntan algo se vai a sentir ofendido ese non é o meu problema. Moitas grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten a palabra o señor Tenente Alcalde, o señor Fírvida.

O sr. Fírvida toma a palabra: Moi brevemente, lembrar xa que no ano 2012 había unha sentenza do



Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que pedía a retirada e a derogación do decreto de plurilingüismo do Partido Popular, houbo moitas propostas para pedirlle ó Partido Popular que derogase ese decreto e non quixeron facelo. E a última matización ciencias sociais e matemáticas tanto no ensino primario como secundario coma en bacharelatos, é obrigado dende este aprobación deste decreto impartilo en castelán.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado cos votos a favor do PSdeG-PSOE, BNG e Grupo Mixto e as abstencións de PP e Democracia Ourensana o seguinte acordo: **“Moción do Grupo Mixto para o cumprimento real e efectivo da carta europea das linguas rexionais e minorizadas: Cumprir con todas as recomendacións do Consello de Ministros e do Comité de Expertos do Consello de Europa, e esixir do Estado español a aplicación real dos seus compromisos en relación coa Carta, tal e como indica o Consello de Ministros. Dar os pasos necesarios para cumprir co sinalado na alínea 640 do informe que afirma que o decreto 79/2010 de plurilingüismo contradí o establecido na Carta, e o punto 5º da resolución do Consello de Ministros, onde sinala que a introdución dunha terceira lingua no ensino non pode afectar negativamente á propia. Elaborar de maneira ampla e consensuada un novo decreto para o uso do galego no ensino, que atenda aos principios de normalización lingüística, e acorde co sinalado na Carta Europea. Que mentres non se elabora o novo decreto, modifique o actual derogando os artigos que poñen límites ao uso do galego nas aulas, como as porcentaxes máximas de materias a impartir en galego nos centros e a prohibición de impartir na nosa lingua as materias científico-técnicas ou matemáticas. Garantir unha oferta ampla de liñas de ensino infantil en galego en todas as vilas e cidades. “**

10- DACIÓN DE CONTAS DE RESOUCIÓNS DA ALCALDÍA

De conformidade co establecido no artigo 50.2 do ROF (RD 2568/86 do 28 de novembro, e o artigo 22.2a) da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o Concello Pleno queda informado das resolucións de alcaldía ditadas dende a sesión anterior do Pleno.

A Corporación queda enterada das mesmas.

11- ROGOS E PREGUNTAS

O sr. Alcalde toma a palabra: Rogos e preguntas, sinalar antes de nada que a pregunta e o rogo non dan lugar a debate, é unha pregunta e unha resposta. Rogos e preguntas é pregunta e resposta, ou



recollida de preguntas e posterior resposta todas elas xuntas ou incluso por escrito e os rogos é para tomar nota, non dan en ningún lugar paso a un debate. Moitas grazas. Señor Ramón.

O sr. Padrón toma a palabra: Só dúas preguntas que temos, é a primeira porque neste ano na Escola de Música aínda non se pasaron os recibos estamos a marzo e aínda non se pasou o primeiro recibo, e por que non se lle deron as notas ós alumnos. E logo outra pregunta é cal é o estado no que se encontra a día de hoxe a piscina municipal e o bar que está ó lado.

O sr. Alcalde toma a palabra: Quere responder Ánxela xa.

A sra. González toma a palabra: O tema das notas non é unha obrigatoriedade en todo caso son notas cuatrimestrais, non son trimestrais, e no tema dos recibos a día de hoxe a verdade é que eu non sei se se pasaron ou non, sei que o último recibo paréceme que foi en novembro e falarei e informareime e direicho, xa me informo.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. En relación á piscina municipal respóndelle o Concelleiro de deportes o señor Adrián Varela.

O sr. Varela toma a palabra (PSdeG-PSOE): Boas tardes a todos e a todas. A piscinas municipal a empresa concesionaria está en proceso de disolución e renunciou, era a empresa que xestionaba o bar cafetería, e entón estamos seguindo os trámites legais correspondentes para volvela a quitar a concurso, contamos que a finais deste mes principios do que ven sae outra vez a concurso público.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. A voceira de Democracia Ourensana por favor.

A sra. Varelas toma a palabra: Co tema referente ás piscinas ata agora o Concello de Barbadás estaba pagando o que é a factura da luz das piscinas como vai quedar ese tema, vai seguir o Concello pagando e os beneficios para a persoa que o explote, ou como tendes pensado facer.

O sr. Alcalde toma a palabra: Señor Adrián Varela.

O sr. Varela toma a palabra: Ben o tema da luz como moitas cousas son temas herdados, e a concesión estaba feira antes de estar nós, é un problema coa empresa concesionaria que non pagou os recibos, o Concello ten a obriga de pagalo porque está o seu nome, estamos buscando solucións para que ese tema quede máis claro no próximo prego, ou sexa que a partir de agora vai quedar claro como vai xestionarse iso.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Voceiro ou voceira do Partida Popular.

A sra. Vispo toma a palabra: Traiamos a pregunta da piscina xa nos contestou o señor Varela entón xa non a vamos a volver a facer. Queríamos saber cando se queren ir respondendo

O sr. Alcalde toma a palabra: Tomamos nota despois responderemos unha a unha.



A sra. Vispo toma a palabra: Digo por se queren ir facendo, teño bastantes. Cando vai a empezar o tractor a desbrozar. Señora Victoria Morenza estamos esperando preguntaremos polo plan plurianual, a gardería o señor Sarín como contrataron ó novo cociñeiro, se que vai facer a administrativa onde vai a valorar se arriba nas oficinas do Concello ou abaixo na gardería, onde se van a gardar eses informes, como que pasou estes días que a cociñeira se puxo de baixa, quen cociñou. Despois en canto a Fonval sabemos que houbo unha reunión con maiores da asociación que se reuniron isto non sei se o podo incluír xa como un rogo, señor Alcalde, pódoo facer un rogo e é que a próxima vez que nós os veciños ou asociacións, ou calquera persoa deste Concello solicítenos acudir a unha reunión que non se nos vete nesa reunión, porque non sei se saben todas as persoas que están aquí, que nós os asociados de Fonval que foron a falar co señor Alcalde e o señor Concelleiro de servizos sociais vetáronos a esa reunión e dixéronos que non estivéramos nela, entón nós como cremos que non somos persoas para montar barullo nese momento decidimos non acudir a esa reunión, pero que saiban que é a última vez, podemos entrar en calquera, cando un veciño quere que o acompañemos podemos ir a calquera reunión, podemos entrar en calquera dependencia municipal e ninguén é para prohibir, aquí o que se leva é prohibir. O polideportivo sabemos que está a persoa de baixa agora mesmo que fai a limpeza, queremos saber e por escrito que nos contesten nome e apelidos da persoa que está neste momento limpando, e se estaba nunha lista dun determinado partido deste goberno. Isto vai non para o grupo de goberno senón para o terceiro alcalde como lle chamamos nós, un peón de obras contratado, queremos saber se tamén foi nunha lista súa nas municipais, retíroo perdón, señor Alcalde queremos saber se un dos peóns de obras que se contratou ía na lista do Grupo Mixto. E agora o camiño que vai paralelo á xeral de Bentraces a Barbadás está sen limpar, a xente que separar a herba para ir a xente que separar as herbas para poder camiñar. A terra en Sobrado alá no Rudeiro dende o 28 de outubro temos fotos, temos datas, despois de tanta chuvia nin se limpou, a chuvia non o fixo polo menos fágao vostedes que agora teñen cantidade de peóns para facelo. Na piscina o que dicía o señor Adrián xa non vou a preguntar, si preguntaremos polos antigos recibos na antiga concesionaria que pasou con eses recibos pendentes que vimos por aquí un informe nunha Xunta de Goberno. Lamentable está como dicía vostede señora Victoria Morenza en anteriores lamentable o estado da fonte que máis se utiliza a xente para beber en Sobrado, está cheo de herba. Outro rogo o parque do Fidalguiño que vostedes tanto dicían que o tiñan todo perfectamente feito, lamentable vou coller esa palabra a partir de agora, o parque do Fidalguiño hai unhas fotos que lle pode ensinar a miña compañeira que vive alí que hai unhas pedras así de grandes ó lado dos columpios, se cae un neno neste momento pégase un cabezazo,



as mesas do Fidalguiño en mal estado tanto que criticaban ó Partido Popular pasen vostedes, sabe que pasa que vostede antes andaba por todos os pobos porque fai de tenente alcalde e de alcalde. Pasos de peóns as sinalizacións onde están as sinalizacións do paso de peóns estamos esperando e tanto traballo que levan. As tapas das arquetas de Sobrado, os lavadoiros antigos de Sobrado son xardineiras auténticas, lamentable señora Victoria Morenza, os rexistros están tupidos. Despois o que lle dicía antes queremos saber que foi que pasou na modificación do prazo de igualdade, porque nós creo que tiñamos razón que os traballadores sociais podían facer esa función e tanto nos dixeron que non, e houbo unha carta reclamando que si podían optar a esa praza. O camiño escolar señora Marga Pérez como segue o camiño escolar creo que rematará o curso e seguiremos sen camiño escolar, e queremos saber como está o transporte metropolitano porque creo que o Partido Socialista está vetando en Ourense e creo que aquí aprobamos todos por unanimidade.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas.

O sr. González toma a palabra: Eu para que non se canse tanto porque senón entre as poucas axudas

O sr. Alcalde toma a palabra: Para a próxima vamos recomendar, vou recomendar que se pasen por escrito as preguntas. Pois entón responderemos por escrito.

O sr. González toma a palabra: Non hai problema ningún. Son moi cortiñas señor Sarín, cantos Sirios podemos acoller?, xa pasou as enquisas?, como está ese tema?, dígoo porque van a vir e nos vai a coller o touro polos cornos sempre. Señor Sarín xa ten local para acollelo, como van esas xestións?, en canto ó convento e ás outras instalacións. A última pregunta para o señor Sarín canto aumentou o número de traballadores de axuda a domicilio dende que vostede está levando esta Concellería. Para don Rafael, entendo que non contesta a ningunha, verdade señor Alcalde?, non contenta a ningunha, ben. O badén do Cancún volve a estar mal, hai que retomar ese tema por desgracia, a don Rafael tamén preguntarlle que onde están os 6 obreiros co sacho, se xa traballan ou e se ven por algún lado ou aínda non. A dona Victoria como está o alumeado da primeira hora de A Valenzá porque tamén era xa un tema plantexado no seu momento xa fai moito tempo, e segue mal. A dona Victoria para cando a numeración dos edificios das rúas que tamén era un tema que estaba estudando, pero parece que seguen estudando todo vai ser en estudos a ver se dentro de catro anos temos que facelo nós, e ó señor Alcalde preguntarlle se don Ramón Padrón xa devolveu o premio do Entroido de 500 € ou xa está gastado.

O sr. Alcalde toma a palabra: A esa pregunta voulle a responder agora mesmo xa verbalmente, o cinismo e a demagogia dende logo que non ten prezo. Houbo un xurado independente que outorgou o



premio, punto, final. Nada máis que dicir.

Preguntas por parte do público asistente, da cidadanía, algunha pregunta por parte de vostedes?.
Moitas grazas levántase a sesión.

PREGUNTAS PRESENTADAS POR ESCRITO POLO PARTIDO POPULAR.

1- ¿Cando vai empezar o tractor?

2- ¿Cal é o plan plurianual de obras? Remíteselle copia.

3.- ¿Como se contratou ó cociñeiro ou cociñeira que presta actualmente os seus servizos na gardaría?.

-Contratación externa.

4.- ¿Utilizouse a bolsa de contratación?.

-Si, pero non funcionou debidamente

5.- ¿A persoa contratada figuraba na devandita lista?.

-Non

6.- Si non foi así, ¿como se contratou?.

-Externalizouse esta contratación, xa que non se puido contar coa lista que tiñamos.

7.- ¿Quen cociñou e preparou os menús na gardaría dende o momento en que causou baixa a cociñeira titular e ata a contratación do actual substituto ou substituta?.

-Unha traballadora do servizo, aínda que os menús estaban aprobadas pola cociñeira no planing semanal.

8.- ¿Informóuselles ós pais da nova situación da gardaría ?.

Cambios de cociñeiros.

Traslado da administrativa, que segundo o regulamento interno da gardaría figura como persoal da mesma .

-Non, aínda que continúa traballando para o servizo da Escola Infantil Municipal, pero noutras instalacións.

9.- ¿Quen atende ós pais que van a entregar documentación?.

-A traballadora que desenvolve as funcións de auxiliar administrativo.

10.- ¿Onde se gardan os expedientes dos nenos e nenas?.

-Na Escola Infantil.

11.- ¿ Quen e onde se bareman os expedientes ?.

-A coordinadora do centro e a auxiliar administrativo. Nas Oficinas Municipais.



12- Os parques son zonas de compostaxe? Non. Xa foron retirados os restos.

13- ¿quen está a cubrir a baixa do polideportivo? Giovanni Álvarez. A empresa concesionaria fai é privada e ten a súa propia política de persoal. O concello non intervéñ na toma de decisión.

14 e 15- ¿Formou parte dunha lista electoral? Si. Foi suplente na lista do PSdeG

16- A contratación dos 6 peóns de obras foi realizada en base a unha baremación obxectiva feita por un tribunal independente por criterios exclusivamente profesionais. O Alcalde nin o grupo de goberno interviñeron no resultado final da selección de persoal. De feito 2 das 6 persoas seleccionadas inicialmente renunciaron. Dende o goberno non facemos seguimento nin control da ideoloxía política do persoal contratado e nin soubemos nin tiñamos acceso ós datos das persoas seleccionadas ata que rematou o proceso.

17- Cando o tribunal cualificador rematou o proceso de selección fixéronse públicos os nomes das persoas e tanto o Alcalde coma o resto do goberno enterouse ó mesmo tempo que os grupos políticos e a cidadanía dos nomes das persoas. Polo tanto ata ese momento non se soubo das posibles adscricións políticas. @s concelleir@s do PP saben a resposta a esta pregunta e tanto na resposta número 16 coma na 17 xa se explica claramente a inexistencia de vínculo entre as persoas que realizaron o proceso de selección e @s representantes do goberno. Se a pregunta insinúa se houbo politización, a resposta é tallante: Non

18.- ¿En que situación se atopa a adxudicación da piscina?

Como xa se informara no pleno debido á renuncia da anterior empresa concesionaria nese momento estíbese a elaborar o prego de condicións para a xestión do bar-cafetería da piscina municipal, neste momento este prego xa foi enviado ó BOP e o DOGA para a súa publicación, saíndo xa publicado no BOP durante a pasada semana.

19.- ¿Existe algunha débeda coa empresa que tiña ata o momento a concesión da mesma?

A débeda existente é da anterior empresa concesionaria co Concello, esta débeda xa foi reclamada polo concello polas canles legais que nos indicaron os técnicos do Concello.

20.- Remítese copia do informe, por escrito, do Concelleiro de Servizos Sociais dos acordos adoitados na reunión que mantiveron con varios socios de “Fonval” sobre o local municipal cedido a esa asociación dende o Concello.

21.- A xuntanza, como ben di a pregunta, era con socios e socias do colectivo “ Fonval”.

Non era, polo tanto, unha reunión cun partido político.



Fonval ten ademais unha directiva democraticamente elixida hai poucos meses e que ostenta a lexítima representación do colectivo.

Ningún partido político pode arrogarse esa representación ou substituír a dirección da asociación.

Con esa directiva existe unha comunicación fluída e continuada por parte tanto da Alcaldía como da Concellería de Servizos Sociais.

22.- Remíteselle copia da reclamación que se presentou dende o Colexio de Traballadores Sociais ás bases para a contratación do Técnico de Igualdade.

23.- ¿En que número de traballadoras aumentou o Servizo de Axuda no Fogar (SAF) dende que gobernan vostedes?.

Non aumentou, xa que tampouco houbo un incremento na concesión de horas pola Xunta que permitise novas contratacións.

24.- O Concello de Barbadás remitiu á Consellaría de Infraestructuras e Vivenda o acordo plenario polo que nos adscribimos ao servizo de transporte metropolitano da área de Ourense. Estamos á espera de que a Xunta de Galiza poña en marcha o servizo.

Acollimento de refuxiados

25.- ¿Cantos refuxiados pode acoller Barbadás?.

-Aproximadamente 50, o director do centro “antigo convento de Sobrado” falaba literalmente dunhas 15 familias.

26.- ¿Xa teñen dependencias axeitadas para o seu acollimento?.

-Si

27.- A sinalización de pasos estase acometendo paulatinamente. Xa se realizou a do paso de Barbadás e iranse sinalizando en función da dispoñibilidade económica e da eficiencia no gasto do diñeiro público.

28.- Remíteselle memoria explicativa do “ Camiño Escolar”

Concluído o anterior, non sendo outro o obxecto da convocatoria, pola Presidencia dáse por finalizada a sesión, sendo as 22:15 horas, no lugar e data ó principio indicados, estendéndose a presente acta, de todo o que, como secretario, dou fe.



CONCELLO DE BARBADÁS

O ALCALDE

A SECRETARIA XERAL